

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
 Nº43. Novembro de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Unha videoconferencia de escolares inaugura o telecentro do Multiusos

Unha videoconferencia en directo entre escolares de Melide e de Vedra sirvú como o acto para inaugurar oficialmente o telecentro da vila e que, a partir d'agora, estará a disposición dos veciños melidenses, de xeito gratuíto, para a realización de reunións de traballo, cursos formativos, conferencias ou roldas de prensa entre outra multitude de actividades vencelladas ás últimas tecnoloxías. As autoridades encargadas da apertura oficial desta nova instalación foron o director xeral de

Comunicación Audiovisual, Manuel Fernández Iglesias, a rexedora do municipio, Socorro Cea e mailo seu primeiro tenente alcalde, Manuel Prado Puga.

A Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta investiu nesta infraestrutura 12.000 euros, dotando á aula dunha veintena de ordenadores así como doutros equipos de material audiovisual como pantallas de proxección ou plasmas. Con este telecentro xa son 31 os creados por este oraganismo en toda Galicia **P4**

MELIDE

Aprobáanse as propostas para o do POS 2009. As melloras que abrangará o Plan de Obras e Servizos da Deputación atingirán a sete rúas da vila, catro vias rurais e catro proxectos de saneamento **P3**

COMARCAS

Santiso conta xa cun Banco do Tempo. Perante esta iniciativa, promovida por Vicepresidencia, os veciños poderán intercambiar por horas, e non unha cantidade monetaria, servizos e coñecementos para axudarse mutuamente nas súas tarefas **P8**

EMPRESA E COMERCIO

A Campaña de Nadal de ASETEM-CCA repartirá 8.700 euros. Durante todo o mes de decembro e ata o día sete de Xaneiro, os veciños que merquen nos comercios da patronal poderán participar no sorteo no que se premiarán vintetres boletos, de distintos importes monetarios, sendo o premio máximo de 3.000 euros. **P10**

DEPORTES

Ferreiro non puido acadar o se usegundo título por mos da mala sorte. Unha circular da Real Federación Española de Automobilismo obrigoulle a anular unha das súas catro carreira galegas e a ter que gañar na última proba do Shallymar para voltar a a ser campión, circuíto no que o seu Ford Scort MKII sufríu unha avaría cando só faltaban tres tramos para a meta **P17**



As voces de catro corais na semana da música

Este ano a decimonovena Semama da Música da Terra de Melide caracterizouse polo primeiro encontro de catro agrupacións do canto coral pertencentes ao municipios integrados en Galiza Central. Así máis de cento vinte coristas procedentes de Monforte, O Carballiño, Lalín, e como non, a coral da nosa vila,

e organizadora deste evento, uniron por un día as súas cantigas para deleitar a todo o público presente na Igrexa Parroquial. Nesta edición tamén participaron un total de quince agrupacións musicais da comarca como grupos folclóricos ou bandas, entre outras. **P15**

Editorial

Un decembro moi especial

A Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, sentímonos neste nadal máis ledos que de costume.

É non porque sexan unhas das festas máis significativas do ano, nas que nós como tódolos veciños vivimos eses intres esquecibles nos que nos xuntamos coas nosas familias para celebrar estes días entre ceas e diversión.

ASETEM-CCA ten moitos outros motivos polos que sentir no mes de decembro unha satisfacción grata que amosa que o traballo do noso colectivo é como unha árbore que conta cada vez con máis ramaxe e na que abundan os froitos dos nosos esforzos.

En primeiro lugar temos algo que celebrar en conxunto nós, convosco o pobo, porque esta xornal que editamos, O CERNE, sopra as veas do seu cuarto aniversario na rúa. Cando decidimos elaboralo, non pensabamos que ía ter tan boa acollida entre a xente da nosa bisbarra. Ao fin e ao cabo, non era un xornal promovido por unha gran edito-

rial, que conta con moitos máis recursos humanos e económicos para acadar a supervivencia da competencia no mercado dos medios impresos. O Cerne nacíu en decembro do 2004 na berce dunha patronal, ASETEM-CCA, modesta e sinxela dunha comarca do interior, como é Terra de Melide, e xa levamos catro anos de andaina xunto cós grandes xornais que se distribúen na nosa localidade. Pero este éxito non é noso senón de vós, os nosos lectores, que cada día nos animades coa vosa fidelidade a seguir traballando neste eido xornalístico e a manter os informados do que vai acontecendo no noso entorno máis próximo.

Outra razón que nos leva a congratularnos son os clientes, eses veciños que mercan nos nosos comercios, porque a tarxeta de puntos que puxemos en marcha hai máis dun mes está a ter unha grande aceptación entre o público consumidor. Por último, non abundaba estes pequenos éxitos entre os afeccionados a lectura e a clientela senón que



ASETEM-CCA decidimos tamén aliarnos coa xuventude, esta xeración que tanto ten que facer polo futuro na nosa sociedade. Así, colocamos o noso gran de area e patrocinamos un mostra científica, Xperimenta, organizado por un conxunto de mozos novos da Universidade da Coruña e o seu profesorado. O día vinte de decembro a xente poderá observar e participar de preto en experimentos que estamos seguros que a máis dun de vós os deixará impresionado.

Para rematar, ASETEM-CCA queremos aproveitar desde este recuncho da nosa editorial para felicitarvos a todos as festas e que pasedes un gran nadal.

Tribuna de opinión

En tempo

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Cando organizas calquera tema que sabes que vai ter unha repercusión sobre un público, como é o caso da nosa Campaña Nadal, tes que escomenzar con tempo adiantado para que todos os fíos fiquen ben amarrados e así evitar que xurdan problemas ou imprevistos de última hora. Todos sabemos que as cousas que se fan con presas e sen recapitalas ben son as que teñen a maior porcentaxe de que saian mal. Nós, como tódolos anos, escomenzamos xa cós preparativos da Campaña de nadal de ASETEM-CCA no mes de outubro. Foron moitas as xuntanzas que realizamos para levar a cabo este proxecto: reunións da directiva para perfilar os primeiros trazos, encontros cós nosos socios para comunicarlle estas decisións coa finalidade que eles participarán para aportar novas ideas ou opinións, xuntanza de todos para comprobar que o proxecto final contaba coa conformidade de todo o colectivo... Así traballando un mes e medio antes do seu inicio, o un de decembro, para que esta iniciativa, dirixida a premiar aos nosos clientes, rematará totalmente pulida e lista para lanzala ao mercado sen ningún inconveniente. Tamén nesta andaina da súa elaboración, por suposto, tivemos que cadrar contas entre a coantía económica da que dispoñía a asociación e a subvención que nos comunicou o executivo local nun principio para establecer a distribución dos importes monetarios dos premios a repartir nesta campaña. Nembargantes, cando xa todo estaba tramitado e en marcha, recibimos a última hora unha notificación do Concello de que de súpeto a coantía da súa subvención incrementábase. Nós xa non tiñamos volta atrás porque todo estaba confeccionado por iso, quero agradecerlle ao Concello esa suba para axudar nas campañas comerciais da vila pero tamén lles pediría que como institución preparan estas achegas con antelación e tempo dabondo para que todos poidamos traballar á perfección.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás, Xosé Nuñez López.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprenta S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

As melloras que abranguen o POS 2009 atinguen ao acondicionamento de sete rúas da vila, catro viais ruais e catro saneamentos

As propostas para o Plan de Obras e Servizos da Deputación aprobáanse cun importe de 351.000 euros

Os proxectos aprobados por unanimidade serán agora remitidos ao organismo provincial

A corporación municipal aprobou, no pleno de finais de novembro, o ditame de propostas de melloras que se acometerán o vindeiro ano na vila e que corresponden ao Plan de Obras e Servizos da Deputación de A Coruña do 2009. Estas actuacións contarán para a súa execución cun orzamento de 351.271,54 euros.

O acordo, adoptado por unanimidade, abrangue as melloras de oito rúas do casco urbano como son a o Camiño Real, Xoán XIII, Bocelo, Juan Mera Somoza, Alcalde Manuel Salgado Codesido, Melide di Lugano e a Travesía do albergue. Ademais destas obras céntricas da vila, procederáse ao acondicionamento de tres viais ruais nas zonas do Ribeiro, A Garea e O Barreiro *para ir reducindo as importantes necesidades infraestruturais que se rexistran en moitos dos núcleos*



Por segundo ano consecutivo inclúese no POS servizos de saneamento

os do rural, sinalaou a alcaldesa, Socorro Cea. As outras catro actuacións incluídas no POS destinaránse a obras de saneamento en Santa María, o Campo Grande e no vial que vai desde a rúa do Pilar en dirección á Garea. Neste proxecto de recollida de augas residuais centralizaránse os verquidos mediante a canalización con tuberías de PVC nun conxunto de fosas sépticas onde se realizará o tratamento correspondente. Cea destacou respecto a este tema que *por segunda vez,*

o equipo de goberno inclúe entre os proxectos do POS actuacións de saneamento.

Amáis destas propostas, presentouse un quinto proxecto como complementario, que se executaría no caso de producirse unha baixa na adxudicación dos contratos. Trátase da adecuación do vial Orois e Golán.

Momeamento de novas rúas

Outro dos puntos da orde do día consistiu en poñer nome a dúas rúas que na actualidade carecen

dél por mor da construción de novas edificacións. Seguindo a tendencia da nomenclatura en feminino do executivo local, unha se coñecerá como Sofia Casanova (situada preto da rúa do Pilar) e a outra, Olimpia Valencia (nas cercanías do Camiño de Santiago). Aínda a voceira do PP, Ánxeles Vázquez, lembrou que non se esquecerán das propostas que no seu día propuxo o seu partido de poñer os nomes de Alfonso Parada e Antonio García Mourelle a algún vial.

O PP presentou unha moción para amañar a cuberta do colexio vello

No turno de rogos e preguntas, a voceira da agrupación popular, mediante unha moción, pediu que se amañasen, o máis axiña posible, os estragos no Colexio nº1. Vázquez explicou que *ao ter moitos anos o edificio váise deteriorando e ademais sgundo consta nun informe, elaborado hai dous anos, constatouse que precisaba algunhas obras de carácter urgente.* De todas as melloras, a que calificou a representante do PP como a máis necesaria inmediatamente foi a da cuberta do CEIP, solicitandolle ao concello que fixera un estudo da mesma. Ante esta petición, o tenente da alcaldesa, Manuel Prado, afirmou que *o estudo xa está feito e entregado á dirección do colexio e tamén na delegación de Educación.*

O Concello impermeabiliza a fachada da capelade San roque para protexer o interior das filtracións e da humidade

O Concello aprobou a licenza para levar a cabo as obras de impermeabilización da fachada principal da Capela de San Roque para solventar os continuos problemas de humidades, existentes no interior do edificio, provocados por mor das filtracións de auga de choiva. Estas últimas rexistrábanse principalmente nas xuntas da peza granítica do remate superior do fronte da Capela que afectaban, non so a esta parte da infraestructura, senón tamén ao entaboadado de madeira do coro que acolle no seu interior o templo.

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo será encargada de realizar estea pro-

jecto. Esta mellora protexerá a portada románica da ermita cun recubrimento de lámina de chumbo colocada sobre o entaboadado de madeira de piñeiro e cun perfil de aceiro galvanizado. A execución desta obra disporá do prazo dun mes e contará cun presuposto de 18.000 euros. Esta actuación foi valorada polo Concello como algo *moi necesario para conservar o noso rico patrimonio arquitectónico.* E é que a Capela de San Roque representa un dos exemplos de pegada máis importante da arte románica na vila, ademais de atoparse ao carón do Camiño. O edificio xa fôra obxecto doutra restauración no 2.005, tamén financiada pola Xunta.

Polémica entre o Partido Popular e o equipo de goberno por mor do informe da autovía

A última controversia pola autovía remata de xurdir polo estudo informativo que tivo que enviar o Concello ao Ministerio de Ambiente, a mediados de xuño, e no que expoñía as súas alegacións na defensa de que o trazado alternativo transcorrese pola vila. A historia da polémica comenza cando o PP denuncia que, despois de tres meses reclamando ao Concello ter acceso ao informe que remitirá ao departamento do goberno central, por fin acada poder ve-lo. Trás estudar detidamente o informe a agrupación popular constatou que o executivo local enviou o primeiro informe, o 26 de xuño, cun erro posto que carecía da conclusión que corresponde achegar en este tipo de documentación. Polo tanto, o

Concello tivo que voltar a remitilo, por segunda vez, coa corrección exisida, pero demorouse *en envialo ata o cinco de setembro, fóra de prazo xa que está remataba a finais de xuño,* afirma a agrupación popular. Ademais, os populares comprobaron que o informe constaba tan so de dous folios e medio *cando o ministerio pedía un estudo detallado,* asegura a voceira do PP, Ánxeles Vázquez. Este escrito tan reducido levou a Vázquez a afirmar que agora entendía *cales eran os motivos polos que no se levou a aprobación deste estudo perante ningún organismo.*

Resposta ás declaracións do PP

O equipo de goberno do Concello afirma que contestou ao primeiro informe en tempo e forma,

o 20 de xuño e que posteriormente remitiu un novo, cunhas breves modificacións sobre o primeiro, o 9 de setembro, *segundo as indicacións do Ministerio de Medio Ambiente polo que en ningún momento se pode falar de fora de prazo nin de dous documentos.* Con respecto ao tempo que tardou en facilitarlle o informe non foi de tres meses senón de dous, *comunicandolle á voceira do PP a data para ir a consultalo e ese día non acudiu á cita.* No tocante á crítica de dous folios e medio, o equipo de goberno considera que *non é oportuno que se valore o documento pola súa extensión, xa que está feito por diferentes técnicos e organismos capacitados para tal fin, e debe valorarse polo seu contido.*

A Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta conta xa con infraestruturas deste tipo espalladas por trinta municipios de toda a xeografía galega

Inauguráse o telecentro da vila cunha videoconferencia entre escolares melidenses e do concello de Vedra

Esta nova instalación atopáse na pranta segunda do Multiusos e está dotada dunha vinteina de ordenadores ademais doutros equipos multimedia de última xeración

O Concello de Melide inaugurou o seu telecentro (TC) cunha videoconferencia entre escolares da vila e do municipio de Vedra.

A apertura oficial desta nova instalación contou coa presenza do Director Xeral de Comunicación Audiovisual, Manuel J. Fernández Iglesias, a rexedora, Socorro Cea, e mailo primeiro tenente de alcalde, Manuel Prado. Os preto de cincuenta alumnos do Colexio Público *Mestre Pastor Barral*, amáis dun grupo de representantes de colectivos sociais de Melide e tamén do PP, foron informados das diversas utilizacións para as que está preparada esta infraestrutura *onde podedes traballar e coñecer as novas eras da tecnoloxía de hoxe e empregala para desenvolver actividades formativas no eido da comunicación*, asegu-

rou Fernández Iglesias. Pola súa banda Cea afirmou que *ímos sacar moito proveito deste telecentro non so a nivel informático senón tamén para a realización de numerosas actividades*.

Ao outro lado dunha gran pantalla, estaba o alcalde de Vedra, Odón Cobas García, xunto con outro grupo de escolares deste municipio da área metropolitana de Santiago. O rexedor vedrés detallou cómo foi a andaina do telecentro da súa localidade desde o seu funcionamento e asegurou que *desde que contamos con él estamos dando un resultado excelente*. Ademais salientou que entre as vantaxes destas instalacións está a posibilidade de facer videoconferencias con outros países que dispoñen do mesmo sistema *como a que nós realizamos entre veciños de*



Momento da videoconferencia en directo con Vedra

noso concello e o centro galego de Bos Aires, onde todos os participantes levaronse unha grata sorpresa ao poder falar verse en directo a pesares de estar separados por miles de quilómetros, declarou Cobas.

No turno de intercambio de preguntas entre os escolares de ámbolos municipios, estés poideron saber que tempo facía en cada concello, onde estaban ubicados xeograficamente ou cal era

a repostería tradicional de cada localidade.

A secretaria Xeral de Comunicación da Xunta investiu 12.000 euros para a posta en marcha desta nova infraestrutura. O Telecentro melidense dotouse de de vinte ordenadores e impresoras así como doutros equipos en material audiovisual, pantallas de proxección e plasma e outros sistemas de control que permiten recrear diferentes



Alumnos melidenses preguntando escairos. Este servizo público é gratuito para todos os cidadáns e o obxectivo primordial da súa creación foi para convertelo nun lugar de encontro, onde no seu tempo libre de lecer, asociacións e colectivos poidan realizar na instalación reunións de traballo, cursos formativos, conferencias, roldas de prensa e outras actividades vencelladas ao eido das novas tecnoloxías.

Na actualidade, a Secretaría Xeral de Comunicación dispón de 31 TCs, contando xa o de Melide, distribuídos por diferentes concellos das catro provincias galegas.

Emotivo homenaxe a Don Antonio García Mourelle pola súa gran labor eclesiástica ao fronte da Igrexa do municipio de Melide durante máis de catro décadas

O Foro Universitario Europeo Reyes Católicos organizou unha emotiva homenaxe ao que foi párroco de Melide durante catro décadas, Don Antonio García Mourelle, otorgandolle a medalla de ouro da entidade.

O Hotel Carlos 96' da vila acolleu, no seu comedor, o evento ao que acudiron máis de trescentos veciños, entre feligreses e amigos, para honrar tamén ao cura que durante anos foi o seu sacerdote e compañeiro en avatares. En definitiva, tratabase dun pobo que coa súa presenza quería recoñecerlle non so a súa traxectoria eclesiástica senón tamén a súa grande humanidade como persoa de cara aos melidenses.

Ao acto non quixeron deixar de acompañar a Mourelle, neste día tan especial para él, autoridades como a alcaldesa, Socorro Cea; outros ex rexedores da localidade; membros da actual corpora-

ción municipal; a deputada do PP, Belén do Campo e o ex senador, Víctor Vázquez Portomeñe. Tampouco podían faltar a esta cita compañeiros de profesión do protagonista desta particular festa como o actual párroco da vila, D. José Manuel, e preto dunha deca de sacerdotes de toda a bisbarra.

A programación de actos, que estivo presidida polo presidente do foro, Miguel Pampín, iniciouse coa presentación da xomada de homenaxe por parte de Belén do Campo. A continuación Vázquez Portomeñe fixo unha laudatio do homenaxeado facendo un percorrido pola súa semblanza. Tamén a rexedora e o actual cura melidense adicaronlle unhas verbas de agarrimo e agradecemento pola labor que desenvolveu, durante o exercicio da súa profesión, cos veciños da vila.

No turno do discurso de D. Antonio García Mourelle agradeceu, emocionado, a tódolos asis-



Don Antonio García Mourelle recollendo a distinción

tentes a súa presenza no acto e salientou que a pesares de non exercer xa *eu sigo sendo pastor porque os curas non se xubilan, o noso sacerdocio é unha vocación permanente*.

Mourelle, de 83 anos, chegou a Melide hai cuarenta anos e desde o mesmo intre que pisou a nosa terra mergullouse por completo na sociedade Melidá. Foi unha figura que promoveu non so a relixión senón tamén actividades sociais, culturais e de altruísmo económico. Pero, sobre todo, erixíuse como abandeirado da

xuventude pola que sempre tivo especial devoción. A este sector social dedicolle numerosas horas da súa vida tanto guiandoos nas crenzas relixiosas como preparando numerosas actividades para o seu lecer. Así ensinoulles a amar a cultura da música levandoos en ocasión de excursión para ver de preto actuacións musicais. Tamén creou para os novos a primeira discoteca da vila, Cire, onde os mozos entretíanse vendo as tres televisións do local, cando no resto do municipio so existían cinco máis.

O PP opónse á suba no recibo da auga por segunda vez en menos dun ano

A agrupación popular melidense vén de amosar a súa oposición total a unha nova suba no recibo da auga por segunda vez en menos dun ano. No 2007, a tarifa incrementouse nun 14 por cento afirmando daquela o executivo local que o motivo respondaba a súa actualización conforme ao IPC, pois levaba anos sen facerse. Agora no 2008 volta a sufrir outra nova suba, dun seis por cento, *chegando así ao 20% en menos dun ano*, aseguraron fontes do PP. O partido popular votou, nun pleno celebrado a mediados de novembro, contra este incremento na auga e a suba do 4,5% nas ordeanzas municipais propoñendo unha conxelación dos impostos. A voceira do PP, Ánxeles Vázquez, instou ao goberno a *facermos unha contención de gasto e un esforzo para que os melidenses non teñan que sufrir este incremento dos impostos nunha época de crise económica*.

Pablo Villamar desprazouse ata o Concello de Toques para explicar o proxecto na bisbarra

A comarca de Melide contará con enerxías renovables cara o ano 2010

O vicepresidente da Deputación de A Coruña informou deste plan que se aprobou no pleno de outubro do organismo provincial

O proxecto da Deputación de A Coruña para fomentar a instalación de sistemas de enerxías renovables na comarca acadaráse como prazo máximo no primeiro trimestre do ano 2010. Así o anunciou o vicepresidente do organismo provincial, Pablo Villamar, nunha reunión celebrada no Salón de Plenos do Concello de Toques para presentar o plan aos representantes municipais. No acto estiveron presentes o alcalde Toques, Miguel Buján, o seu primeiro tenente, Xosé Manuel Ferro, o concelleiro da agrupación popular toquense, Jorge Calvo, o rexedor de Sobrado, Jacobo Fernández, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea e a voceira do PP melidense, Ánxeles



Pablo Villamar, á esquerda do rexedor de Toques, durante o acto Vázquez.

Este proxecto de enerxías renovables consiste na dotación a cada concello dun sistema solar térmico e outro de placas fotovoltaicas en edificios de titularidade municipal como infraestruturas deportivas, culturais ou sanitarias, o cal suporá ademais *un aforro enerxético para cada municipio e contribuíra a aminorar o impacto ambiental sufrido polo uso das fontes fósiles actuais como o carbón ou o fuel-oil*, asegurou Villamar. Tamén explicou que a instalación destas novas

enerxías limpas non acarrearán ningún custo para as arcas municipais e que o organismo provincial encargárase de contratar os servizos técnicos dunha empresa coa finalidade de realizar os diferentes proxectos das propostas que lles plantexen cada concello. Este Plan de enerxías renovables foi aprobado no pleno de outubro da Deputación e conta cun presupuesto de 3,1 millóns que beneficiará non só aos catro municipios da comarca de melide senón tamén aos que integran á bisbarra de Arzúa e a de Betanzos.

Carreira solidaria no Instituto de Melide para recaudar fondos para os nenos do Níger

Os alumnos do IES melidense participaron, cón gallo do Día internacional dos Dereitos do Neno, na V carreira *Quilómetros de Solidaridade*, para recaudar fondos en beneficio da ONG *Save The Children* e os programas de cooperación que este organismo ten posto en marcha para a infancia do Níger. Nesta edición o destino dos cartos acadados eren para a vacinación de máis de 25.000 nenos e nenas deste país africano así como procurar unha alimentación axeitada ás nais embarazadas para poder coidar os seus futuros fillos.

Para recaudar os fondos, cada corredor debía ser patrocinado por diferentes persoas (como familiares, profesores, amigos...) que lles pagarán cada quilómetro perecorrido ao prezo que desexesaran.

Antes de escomenzar esta iniciativa solidaria, leuse a Declaración dos Dereitos do Neno, aprobada pola Asamblea Xeral das



Meta da carreira solidaria Nacións Unidas o vinte de novembro do 1.959. A través desta manifesto homes e mulleres de todas as nacións recoñecen que os nenos son o mellor que a humanidade ten a través de dez principios que veñen a resumir que o neno famento debe ser alimentado, o enfermo curado, o maltratado protexido, o explotado socorrido ou o orfo acollido, entre outros deberes. O índice de participación dos escolares nesta carreira tan singular foi moi elevado polo que o Centro de Secundaria logrou unha recadación importante para poder contribuír a unha infancia máis feliz no Níger.

A campaña informativa da Xunta sobre o apagón analóxico arrinca en Melide

As actuais emisións analóxicas, coas que convivimos desde que se creou o televisor, irán desaparecer de xeito escalonado ata o 3 de abril do 2010. Nesta data produciráse o cesamento da recepción deste tipo de sinal en todo o territorio nacional para dar paso á dixital. Precisamente, para ir informando e concienciando á cidadanía desta situación, a Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta e o operador público Retegal, promoveron unha campaña informativa, baixo o lema *Imos por diante*, coa que pretenden achegar o que é a Televisión Dixital Terrestre (TDT) aos concellos nos que primeiro se levará a cabo o encendido dixital. A primeira cita, e o comenzo oficial da campaña por toda Galicia, celebrouse en Melide. O moderador desta charla-coloquio sobre a incidencia deste novo sistema foi o xornalista melidense, e presentador de informativos na TVG, Manuel Pampín e na mesma participaron a alcaldesa do municipio, Socorro Cea; o director Xeral de

Comunicación Audiovisual, Manuel Fernández Iglesias; o director do Correo TV, Luis Pérez; o presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), José Antonio Rodríguez Álvarez; o enxeñeiro de telecomunicacións, Javier Fernández Fraga e o antenista e instalador, Luis Quintás.

A sala de Conferencias do Multiusos congregou a máis de setenta veciños interesados por coñecer o futuro da nova televisión e que escoitaron con moito interese as recomendacións dos expertos. A rexedora melidense agradeceu á Xunta que a vila fora a elixida para celebrar esta primeira sesión desta campaña da Xunta e porque *para nós é moi importante que se inicie aquí xa que normalmente este tipo de eventos desenvolvanse en grandes cidades e non en concellos do interior como é Melide*.

Por outra banda, Fernández Iglesias salientou que *temos que ser conscientes de que hai que ir preparándose para a recepción da*

sinal dixital e ir meracndo os aparellos ou decodificadores. A comarca de Melide ao pertencer á zona de Santiago *será unha das primeiras nas que se producirá o apagón analóxico para o vindeiro ano*, adiantou o director de Comunicación Audiovisual. Tamén, destacou que a TDT poderá chegar a tódolos recunchos de Galicia, incluso nos que non reciben boa sinal porque se empregará unha conexión vía satélite para facilitar que chegue a tódolos fogares galegos.

Os técnicos, Fernández Fraga e Luis Quintás, nas súas poñencias sinalaron que o maior inconveniente estaría nas comunidades de veciños polo custo de mudar a antena. Por último, o director da canle Correo TV lembrou que *fumos a primeira cadea local en incorporarnos ao TDT*, afirmou Pérez.

Con este novo sistema poderemos ver nos nosos televisores preto de vinte e seis canles, cunha imaxe e sons mellores ao ser de alta definición.



Cómo preparese para o apagón analóxico

Máis vale previr que curar e para que o apagón tecnolóxico non nos colla de súpeto e fiquemos sin poder ver a televisión, debemos saber que hai que:

- 1.- **Comprobar que estamos en zona de cobertura:** Neste senso non debemos preocuparnos moito xa que na actualidade máis do 85% da poboación galega atópase en zona de cobertura e cada vez estáse a poñer máis centros emisores para que poida chegar ao cen por cen.
- 2.- **Mercur un receptor ou TDT:** Antes de mercalo temos que ver si o noso televisor conta cunha entrada de euroconector na parte traseira, si non o ten teremos que adquirir outra. Dentro dos receptores hai dous tipos: o sintonizador básico e individual (desde uns 20 euros) que transforma o actual sinal analóxico en dixital e conectáse ao euroconector da TV, por antiga que sexa, e, por outra banda, o sintonizador integrado na propia televisión (podense adquirir no mercado, dependendo das pulgadas desde casi 180 euros a máis pequena).
- 3.- **Ver que a antena sexa a axeitada:** En vivendas unifamiliares axustando a orientación da mesma ou poñendo unha nova e nas comunidades de veciños compré instalar amplificadores dixitais na antena.
- 4.- **Datas dos cesamentos analóxicos:** Estes irán sucedéndose progresivamente en Galicia o 30 de xuño do 2009, o 31 de decembro do 2009 e, finalmente, o 3 de abril do 2010.

Un gran tramo das súas augas cristalinas son compañeiras dos peregrinos no seu percorrido do Camiño Francés pola vila

Río Furelos o patrimonio hidrográfico que dá identidade á comarca de Melide

Información facilitada por Troiteiros Río Furelos

No xeografía hidrográfica da nosa comarca, tres son as concas fluviais que percorren a bisbarra de Terra de Melide. Delas a máis ampla é a do Ulla, que recolle toda a auga que discorre desde o centro ao sur. Está ocupa as amplas extensións dos concellos de Melide, Toque e Santiso e exerce de límite natural coa provincia de Pontevedra, no sur do termo de Santiso.

Nesta comarca a conca do Ulla acolle un importante tributario: O Furelos. O río Furelos ten a súa berce, a 700 metros de altitude, en Santa María de Brañas (Toques), preto do Marco das Pías, da confluencia de varios regatos que baixan dos montes do Como de Boi, na vertente occidental da Serra do Careón. O seu curso natural adopta unha dirección norte-suroeste, e conta cunha lonxitude de vinte quilómetros.

Despois de realizar un percorrido, entre montañas, chega o

gran val de Furelos na Comarca da Terra de Melide.

A súa ampla conca posúe 151,6 Km cadrados e proporciona un caudal de 6,63 metros cúbicos ao río Ulla. Esta cantidade convirto no segundo en aportación de caudal en toda a provincia de A Coruña, despois do Sar. En canto a súa anchura a media é duns 10-12 metros.

Os seus afluentes máis importantes son o Catasol (vedado polos verquidos de puerín e alcatrán que aconteceron este ano) e o Martagona. Tampouco hai que esquecer os seus regatos como o da Capela e o de San Martiño.

O río Furelos trátase dun excelente cauce fluvial con varias entradas, fácil de percorrer camiñando e badear. A pesca nél atopa augas frescas, cristalinas e limpas durante gran parte do seu curso nas que abunda a troita común (*Salmo Trutta*) e tamén outras grandes variedades deste peixe. Podemos dife-



O río Furelos ao seu paso pola ponte Luzdivina

renciar varias zonas onde practicar a arte da pesca:

- Zona libre.- Desde o seu nacemento, con tramos difíciles de andar e onde o río discorre con forza ata Souto, no concello de Toques, que aínda sendo estreito pódese pescar facilmente ata chegar a Ponte de Fraga onde escomenza o couto.

- O couto de Furelos.- Cun percorrido de nove Kms desde a Ponte de Fraga (Toques) á Ponte romana (Melide). Neste traxecto atopamos todo tipo de augas, desde as máis calmadas e non moi profundas ata zonas

de correntes que permiten o disfrute do pescador, sexa cal sexa, o seu método de pesca.

- Área vedada.- Abrangue un tramo de tres quilómetros que vai desde a ponte medieval da parroquia de Furelos ata a ponte de Portochao.

- Zona Libre.- Desde ponte Portochao ata a desembocadura no Ulla, na ponte de Arcediago, en Santiso. Os seus percorridos son dunha dificultade baixa para andar e nesta superficie atopáanse estupendas troitas de gran tamaño; un dos mellores tramos libres que ofece a nosa comunidade autónoma.

Datos de interese para a pesca

- Nome do couto: Furelos, 9 Kms
 - Límite superior: Ponte de Fraga, en Toques
 - Límite inferior: Ponte romana de Furelos (Melide)
 - Zona vedada: Ponte romana ata Portochao
 - Categoría: tradicional- troita
 - Permisos: Martes, Mércores e venres (6), sábados, domingos e festivos (15). Capturas autorizadas de 10 pezas e unha talla legal de 19 cm.
 - Xornadas inhábiles: luns e xoves en tódolos coutos (agás festivos nacionais ou autonómicos)
 - Casas expedidoras: Churrería O Burato (Cantón de San Roque, nº 8. Tfno. 98150417)/ Asociación Troiteiros Río Furelos (Mateo Segade Bugueiro, nº 4. Tfno. 696607348) e Consellería de Medio Ambiente (Luís Seoane s/n 5º andar, A Coruña. tfno. 981 184576)
 - Distancias medias a Melide: Santiago (50 Km); Coruña (75 Km); Lugo (48 Km) lalín (37 Km); Ourense (100Km)
- Desfruta do noso gran río e do seu entorno para máis información consultar a páxina web: www.rio-furelos.es ou contactar co correo . asociaciontroiteiros@gmail.com

Cogomelide organizou por terceiro ano a súa saída ao campo baixo o apadriñamento da Asociación de Troiteiros Río Furelos

A Asociación Micolóxica da vila, COGOMELIDE, e contando co apadriñamento da Asociación de Troiteiros Río Furelos, levou a cabo por terceiro ano, a súa xasecase tradicional, saída ao campo para atopar diferentes variedades de cogomelos que se crían nesta superficie.

Nesta xornada, os amantes ao mundo das setas partiron moi cedo, ás nove da mañá, para iniciar a súa particular aventura polos montes da comarca na procura destes deliciosos manxares. O grupo expedicionista, integrado por máis de vinte participantes, foron sempre acompañados na súa ruta por monitores coñecedores nos diferentes tipos de cogomelos para asesoralos xa que algúns destes produtos naturais son venenosos e, polo tanto, nocivos na súa inxesta.

O resultado desta terceira edición saldouse con 55 especies distintas



Clasificación dos cogomelos recolectados trala saída



Preparando os Boletus á prancha



Pinchos morunos con Niscalos e Cantharellus

que poideron ser identificadas e clasificadas grazas á axuda do experto micólogo, Oscar Lúgris. A continuación foron expostas na Praza da Herva onde se asitiron

numerosos veciños para contemplala. A xornada rematou coa degustación dun menú variado, elaborado por Xán Pérez, e bañado por viños de Mencía e Rosal.

A Cooperativa Melisanto celebra o seu día da Muller Rural

A Cooperativa Melisanto organizou, como vén a facer desde hai anos por estas datas, o seu día adicacado ás mulleres rurais.


Esta xornada feminina estivo dirixida as socias, mulleres dos socios ou persoal feminino englobado na propia entidade. O acto que contou como moderador ao xerente da sociedade, Ventura Blanco Parada, incíase coa xa tradicional inauguración do mesmo por parte do actual presidente de Melisanto, Pablo Costoya Varela. A programación de poñencias, encamiñadas a informar ao colectivo feminino do agro de diferentes cuestións, xiraron en torno a temas como a igualdade e a conciliación da vida laboral ou o papel da muller no cooperativismo agrario, entre outras. Tamén un grupo de mulleres organizou unha obra de teatro que espertou os aplausos dos asistentes. A xornada rematou coa celebración dun xantar.

Dúas avarías deixan sen auga a parte dos veciños do casco urbano

A principios de novembro a rotura de dous puntos de canalización, ambas acontecidas en menos de vintecatro horas, obrigou a cortar o suministro da auga a algunhas rúas de Melide.

O primeiro corte soleventouse tras amañar a avaría que foi localizada na confluencia da Rambla de San Pablo coa rúa Vista Alegre. A segunda avaría resultou por mor da crebadura da canalización entre a Rambla de San Pablo e a rúa Mateo Segado Bugueiro.

Estas dúas circunstancias no corte da auga, case á vez, non é frecuente na localidade por esta razón os veciños estrañáronse. Nembargantes as avarías foron amañadas con toda a celeridade posible, durando moi pouco tempo a carencia da auga nos fogares melidenses afectados.



A cita contou con tantas atraccións que centos de persoas, entre veciños e visitantes doutras localidades, encheron por completo o aforo do lugar para gozar desta cita

O Noso Lar de Visantoña celebra a súa primeira gran festa do magosto xa como asociación veciñal constituída

A Asociación Cultural e veciñal *O Noso Lar*, de Visantoña, non dubidou, como dí a expresión popular, en botar a casa pola fiestra para organizar unha gran festa de magosto á que convidaron a tódolos veciños desta parroquia de Santiso e a todas aquelas persoas doutras localidades que quixeran asistir a esta celebración. Este acto era moi significativo para esta entidade xa que era a primeira actividade festiva que preparaban como institución constituída oficialmente veciñal e cultural dende o 15 de agosto deste ano.

A xornada abriu as súas portas cunha mostra de artesanía onde os asistentes poideron coñecer de preto vellos oficios como o da cestería, a elaboración no material de coiro e zapatos, a labranza de pezas de pedra e de madeira, a confección textil á antiga usanza ou a arte de traballar o vidro. Os sons do grupo *A Maristela* anunciaban aos asistentes de que o xantar estaba a punto de comenzar. Durante este os comensais poideron degustar polbo, churrasco variado e, como non, as tradicionais castañas, todo elo acompañado por



Xente conversando momentos antes de comenzar o xantar



Na festa non faltou o polbo e as churrascadas



Obradoiro de confección Textil



Persoas ollando o traballo dun cesteiro



Os nenos divertíronse coa actuación do mago

diferentes bebidas e unha boa queimada.

Polo serán os xogos populares reinaron como absolutos protagonistas. O tiro á rá, a billarda, o

brillet ou as carreiras de sacos fixeron gozar a multitude de persoas. Os máis pequenos tampouco quedaron sen unha atracción programada especialmente para

eles: o espectáculo do mago Ricardo quen impresionou aos escolares cos seus trucos de maxia. Xa rematando o día chegou o turno dos concertos coas

actuación das formacións musicais en Folk *Tromentelos Chis Pum*; en sons tradicionais *Qempallou* e, por último, o grupo *O Sonoro Maxín*.

Toques acollerá unha gran festa de nadal popular no seu polideportivo

O Pavillón Municipal de deportes de Toques será o recinto no que os veciños da localidade están convidados de balde para disfrutar dunha xornada chea de ocio e lecer. O Concello programou para o día 19 de decembro unha gran festa do nadal cun amplo abano de diversa actividades para tódolos segmentos de poboación de Toques. Esta celebración realizarase durante toda a tarde e abrirase cunha exhibición de karate pública por parte dos alumnos que están a practicar este deporte mediante un curso. Despois desta actividade dara-

se paso a unha merenda para os máis pequenos do municipio para despois continuar cun espectáculo de minicirco por parte da compañía de teatro *Duende Sico*.

Xa de noite as protagonistas serán as actuacións musicais. Así primeiro os asistentes gozarán dun concerto de música clásica interpretado polo grupo *Campo de Estrelas*, ao remate do cal actuarán os *Gaiteiros de Toques*.

O veciño toquense, Xosé Sánchez Peón, porá o broche final a esta gran festa coas súas Cantigas de Reis.

Santiso conta cun Banco do Tempo municipal para os veciños do Concello

O Concello de Santiso xa dispón dun Banco do Tempo municipal para que os veciños poidan gozar das múltiples vantaxes que ofrece este servizo promovido polo departamento de Benestar da Consellería da Vicepresidencia da Xunta. Esta iniciativa é un proxecto innovador que consiste en recibir axuda, por un tempo determinado, cando alguén o requira en casos puntuais, a cambio de prestala ou devolvela na mesma cantidade horaria a quen a solicite no futuro para solventar algunhas necesidades cotiás. En definitiva trátase dun sistema de

intercambio de servizos e coñecementos entre os veciños para axudarse mutuamente sen necesidade de abonar cartos senón de empregar horas. O funcionamento deste banco do tempo iniciase no Concello onde se realiza unha incrición das persoas interesadas en formar parte do mesmo. Entre as tarefas que se poden intercambiar, por tempo e non por cartos, están as de amaños domésticos (fontanaría, electricidade...), ensinar a coser ou realizar labores de costura, acompañamento de persoas enfermas, ensinar informática a outros, etc. Pola súa banda, o

Concello disporá duns talonarios que servirán para xustificar o tempo do servizo prestado (en horas) de cada persoa voluntaria para que despois os poidan canxear por outro, co mesmo marxe de horario empregado, coa finalidade de que outro usuario lle realice traballos cando esta persoa o solicite. Con este novo servizo preténdese facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. O interesados en participar neste servizo poden obter máis información na Casa do Concello, sita na parroquia de Arcediágo.

Socios ASETEM-CCA

A empresa de orixe arzuán mantén o negocio neste municipio e desde hai anos ten aberto outro comercio en Melide

Ramón Pampín Bango, un referente de permanencia no mercado da construción e de expansión

A firma adicase por completo ao eido da vivenda distribuindo desde os materiais primordiais para a súa construción ata a comercialización de produtos para a decoración interior

Ramón Pampín Bango S.L. é unha desas empresas que marcan un referente no mercado da construción. Este ven avalado pola súa longa traxectoria de permanencia neste sector: caseque tres décadas desde que o seu fundador, Ramón Pampín Bango, abreu o seu local en Arzúa aló polo ano 1.979 e, por outra banda, pola súa expansión comercial que aconteceu cando inaugurou en Melide o seu segundo comercio no ano 2000. Ámbolos dous negocios, baixo a xerencia de Manuel García, funcionan perfectamente nas dúas bisbarras de cara a súa clientela, entre a que destacan por igual tanto os promotores como os particulares. Para atender tanta demanda, e ademais para comarcas diferentes, Pampín Bango conta na súa prantilla con 16 persoas en conxunto traballando en ámbolos dous negocios. Pero esta empresa de distribución de material de construción non só operan nas zona onde están ubicados os seus establecementos senón que tamén venden os seus produtos á carteira de clientes cós que contan en outros municipios como Vilasantar, Curtis, Arca, A golada, Palas de Rei ou Monterroso, por exemplo.

En Arzúa son o único negocio que se adica a este sector algo que non supón unha grande vantaxe xa que segundo Manuel García a competencia sempre é boa porque si hai dous ou tres máis locais destas características, a xente compa-



O establecemento tamén vende ferramentas para a construción

ra e onde non atopa unha cousa mercaa noutro sitio.

Todo tipo de materiais para distintos colectivos

Ramón Pampín Bango distribúe os seus produtos a diferentes gremios sociais como promotores, autónomos, particulares... Para os profesionais da construción reparte todo o material que precisan para as edificar as vivendas como ladrillos, cemento, areas... en fin o que necesitan para construír os seus edificios. En canto

os usuarios de a pé poden mercar neste comercio, sobre todo, os revestimentos para o interior dos seus fogares como unha gran variedade de cerámica centrada en plaquetas e azulexos para decorar as súas cocinas, baños, terrazas ou calquera outra instancia das súas casas. Aínda que estes últimos materiais tamén son moi demandados polos promotores para instalar nos pisos que constrúen, asegura Manuel García.

Respecto a venda da cerámica

máis demandada hai de todo, desde a xente que prefere o último en deseño no mercado ata os que se decantan pola máis tradicional. Tamén valoran moito a hora de elixir que a plaqueta sexa fácil na súa limpeza. Neste senso, Manuel García explica que a xente ante a dúbida prefiren escoller o práctico ao bonito e tenden por unha cor de gama media xa que na escura e na clara notáse máis a suciedade porque hai que ter en conta cun solo ben coidado pode durar ata oitenta anos.

A garantía nos materiais, un aval de seguridade no intre de construír

Todos os produtos que acolle Ramón Pampín Bango conta cunha certificación ou homologación que vén a ser a garantía de fábrica.

Esta xa é obrigatoria no intre de distribuír calquera material ao constructor ou promotor de vivendas de primeira ocupación para dar de alta legalmente á edificación. Este sector non se trata dun mercadillo senón dun mercado real e serio onde lle piden aos promotores certificacións en todo o que empregan, asegura Manuel García. Esta certificación tamén é importante na decoración interior porque cada cerámica consta dunhas características diferentes na súa composición como o seu tipo de absorción ou a súa dureza, por exemplo. Todo isto tamén lle da unha seguridade ao cliente no intre de mercar porque sabe que adquire un produto avalado.

Accesorios de última vangarda

No establecemento Ramón Pampín Bango, os seus clientes non só atopan materiais para a construción e decoración interior. O comercio tamén oferta outro tipo de produtos como equipamentos sanitarios de toda clase e de última xeración como jacuzzis ou cabinas de duchas hidromasaxe. Respecto a estas últimas, Manuel García asegura que as bañeiras están a desaparecer e no seu canto tendese a poñer duchas porque para a xente son moito máis cómodas para o seu aseo diario.

Ademais o usuario que dexese substituír a bañeira por esta instalación sanitaria apenas ten que fecer obras no seu baño posto que este tipo de equipos xa soe cubrir o espazo onde estaba e así non teñen que mudar o pavimento orixinal có que conta esta estancia da vivenda. Outros accesorios que a xente pode adquirir neste comercio melidense son unha gran variedade de estufas de leña, chemineas francesas e cocinas económicas, tanto tradicionais como algunhas vangardistas de triple uso que abranguen na mesma peza a placa tradicional para quentar con madeira, fogóns como as de butano e quentadores eléctricos.



Cocina económica de triple uso



Jacuzzi última xeración

Medio centear de establecementos participan na iniciativa para achegar a sorte aos seus clientes

O comercio de Melide repartirá 8.700 euros a través da campaña de nadal de ASETEM

A cuarta edición desta xa tradicional iniciativa da Asociación de Empresarios desenrolarase durante todo o mes de decembro e rematará o sete de xaneiro co correspondente sorteo ante notario

Medio centear de establecementos, tanto comercios como locais de hostalería que participan na campaña de Nadal de 2008 da Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, repartirán 8.700 euros en premios en metálico entre os seus clientes.

Esta campaña, que se promove baixo o lema *Mercado aquí gañarás*, durará todo o mes de decembro e rematará o sete de xaneiro, día no que terá lugar o sorteo ante notario. Das preto de 60.000 rifas, que se distribuirán entre os compradores ao mercar algún dos produtos nos negocios participantes, soamente 23 números resultaran ser os agraciados.

O primeiro premio que se entregará será por un valor de 3.000 euros; o segundo de 1.500 euros; o terceiro de 1.000 euros: repartiránse 4 de 300 euros, 4 de 200 euros e 12 de 100 euros. As 23 rifas premiadas canxearanse por cheques co valor da corre-

pondente cantidade, que se poderán gastar ou canxear nos establecementos que integran esta Campaña de nadal durante os 15 días seguintes á entrega do premio.

O sorteo, para dar a coñecer os números afortunados, celebrase o 7 de xaneiro na sede de ASETEM-CCA ás nove da noite polo sistema demán inocente. Para facilitar que os clientes poidan revisar os números premiados, logo do sorteo, os comercios adheridos á campaña exporán nos seus locais os números gañadores e tamén neste xornal poderán consultarse as rifas que achegarán a sorte a máis dunha veintena de consumidores.

Os premiados deberán entregar a súa rifa na sede de ASETEM-CCA antes do prazo dun mes. Os agraciados recibirán o premio das máns do propietario do establecemento que repartiu a cifra durante unha cea, que organizará ASETEM-CCA, e



Explicación dos puntos que abranguen a campaña

a que serán convidadas as persoas premiadas.

Campaña de lotes de nadal

Paralelamente a esta campaña, ASETEM-CCA xa iniciará, é por primeira vez, outra a mediados de novembro. Esta consiste no sorteo de lotes con produtos típicos de nadal en distintos comercios da localidade. Para participar nela cada cliente deberá rellenar unha papeleta cos seus datos persoais e introducila na urna que dispón cada establecemento participante.

O sorteo terá lugar o 16 de novembro en cada un dos negocios aos que asistiran unha delegación mixta do Concello e de ASETEM-CCA para extraer da urna o boleto premiado en cada comercio. A Asociación de Empresarios promoveu o agasallo dos lotes nestas datas, previas as festas de nadal, precisamente para que os premiados poidan desfrutar coas súas familias dunhas mellores festas coa degustación dos manxares tradicionais nesta época do ano.

A tarxeta de puntos de ASETEM-CCA recibe unha gran acollida entre os melidenses

Non hai caseque un mes que a Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM) sacou á rúa a súa tarxeta de fidelización, ou de puntos, e xa son preto de 400 consumidores os que se interesaron por obtela para as súas compras cotías. Ademais, o número de persoas que solicitan esta innovadora iniciativa, nos máis dos vinte establecementos que posúen este sistema, estase a ver incrementando a cotío e gardase que en poucos meses se superen o millar de usuarios que poidan gozar das vantaxes desta tarxeta.

Con esta boa acollida que está amosar a clientela da bisbarra da tarxeta, ASETEM vén a ver recompensado os seus máis de catro anos de loita e negociacións para poder implantar este proxecto no sector comercial da vila. A finalidade desta idea non foi só o premiar aos clientes que mercan nos negocios da asociación senón que tiña tamén como obxectivo potenciar as compras nos pequenos comercios e compitir contra a presión que exercen neles as grandes superficies comerciais das urbes

O gran espectáculo da ciencia e o mundo dos experimentos chega por primeira vez a

Melide o 20 de nadal coa mostra *Xperimenta*

Un grupo de alumnos e profesorado da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña (UDC) remata de embarcarse nun innovador proxecto baseado no mundo dos experimentos para achegar e mostrar os seus entrescos aos cidadáns de a pé.

Este espectáculo científico, organizado pola UDC e ASETEM-CCA, celebrase o sábado vinte de decembro nunha xornada intensiva que comenzará as 12 da mañá e rematará as 7 do serán. O lugar que albergará esta iniciativa, un evento sen igual en todo o territorio nacional, dependerá das condicións climatolóxicas previstas para o día do acon-

tecemento. Así, si a choiva non o impide, a mostra será no Cantón de San Roque e, pola contra, si o mal tempo acompaña, a instalación elixida para a súa celebración establecerase no Pazo de Congressos.

Camiñar sobre a auga

Xperimenta amosará ao público simultaneamente máis de 60 experimentos complexos, ademais de espectaculares, que realzarán os propios universitarios de Universidade da Coruña e tamén alumnos do IES de Melide. Este espectáculo achegará á xente da rúa ao mundo da ciencia, e incluso poderán participar persolamente en varios dos

ensaíos.

Camiñar sobre auga, a creación dun sol, barcos que frotan no aire, nubes instantaneas ou moscas mutadas xenéticamente serán algúns dos moitos experimentos cos que poderan disfrutar tódolos asistentes ao acto. Na súa organización traballaron máis de coarenta persoas entre persoal de ASETEM, especialistas en compostos químicos físicos, docentes e alumnos da Coruña... A mostra *Xperimenta* conta tamén coa colaboración doutras institucións como o Concello de Melide, O Instituto de Secundaria da vila, a Concellaría de Industria e Intermax.

Consellos para aforrar mellor nas compras do Nadal

Esté ano o nadal será moi diferente aos dotras épocas xa que no 2008 tivemos un convidado sorpresa que afectou as nosas economías: a crise. Por iso desde ASETEM-CCA lles ofrecemos unha serie de consellos para mercar case igual pero sen quedar cos petos baleiros.

- Planificar un presuposto previo.- Elabore, con tempo de antelación, unha lista na que apuntar os produtos que máis consumen nestas datas: alimentación, agasallos, xoguets e rebaixas. Cree este preuposto dacorde coa súa economía familiar e procure non caer no consumismo irracionalou descontrolado.

- Escalonar o gasto no tempo da compra.- É dicir, adiantar a consumición en comidas para evitar a alza do precio xusto nas vésperas das festas propias. Mercar antes, por exemplo, o pescado conxelado (mariscos) ou a carne xa que soen ser máis baratos. Aínda que se merque fresco si se conxela o aforro pode resultar sustancioso.

- Ter as ideas claras.- No intre de ir a un establecemento deberíamos ter claro o que ímos a mercar e non improvisar unha vez que se está no interior da tenda.

Desde a Asociación de Empresarios agardamos que teñan en conta estes consellos e aproveitamos para darvos as grazas pola confianza que depositan ao mercar nos nosos comercios asociados

O presidente de ASETEM-CCA participa na sexta edición do Congreso do Comercio Galego celebrado na cidade da Coruña

Máis de 300 representantes do sector comercial de España e Portugal coñeceron de primeira man os aspectos actuais que atinguen ao eido

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, José Antonio Rodríguez Álvarez, participou no VI Congreso de Comercio Galego que aconteceu na sede da Fundación Caixa Galicia, na cidade herculina. Desde hai seis anos a Federación Galega de Comercio, entidade á que pertence ASETEM-CCA, organiza este encontro dirixido ao sector comercial. A Consellería de Innovación e Industria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a S.A. Xestión do Xacobeo e Caixa Galicia foron os colaboradores oficiais que contribuíron ao desenrolo deste Congreso, cuxa inauguración oficial a realizaron o Conselleiro de Industria e o alcalde da Coruña.

O acto foi presentado polo presidente da Federación Galega de Comercio, José

María Seijas, e maillo director xeral adxunto de Caixa Galicia, José Venegas. No evento os preto de 300 representantes do eido comercial de España e Portugal poideron intercambiar experiencias, analizar e debater sobre aspectos de actualidade no sector. A importancia de traballar en equipo, a xestión da comunicación publicitaria, as novas tecnoloxías ou a calidade de servizo foron algunhas das cuestións nas que se afondaron no encontro. Os asistentes foron informados destes temas a través de poñentes como Juan Antonio Corbalán (presidente de Makeateam), José Ramón García (presidente executivo de Blusens), Enric Pujadas (presidente do Grupo Bassat Ogilvy), Emilo Duro (socio fundador de ITER consultores) e Félix Cuesta (experto en



O presidente de ASETEM xunto a Corbarán, ex baloncestista, e hoxe empresario

CRM. Marketing e Managament).

A clausura do evento correu a cargo do actor Javier Veiga e incluíu unha homenaxe ao Director Xeral de Caixa Galicia, José Luís Méndez, en recoñecemento ao seu apoio dende hai anos ao sector comercial.

Durante a fin de semana, en que se desenrolou este encontro, os asistentes poi-

deron visitar as principais zonas turísticas e comerciais da Coruña, ademais doutras localidades como Muxía, por exemplo. Nesta viaxe unha guía turística encargouse de ir informando da historia e dos lugares de interese de cada unha das zonas que percorron os participantes nesta sexta edición do Congreso do Comercio Galego acontecido na cidade herculina.

A Asociación de Empresarios aiste á sesión do pleno das CCAs de Galicia

O presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide, en calidade do representante da patronal, asistirá a reunión extraordinaria do pleno que organizará a Rede de Centros Comerciais Abertos (CCAs) de Galicia na súa sede en Lugo. Ao remate deste acto todolasantidades asociadas xuntaránse nun xantar aproveitando que se achega o nadal.

Desde principios do ano 2005, o colectivo empresarial melidense está integrado nesta institución, data precisamente na que mudou o seu tradicional nome de Asociación de Empresarios Terra de Melide polas siglas ASETEM-CCA. A primeira parte do nome está formada polas inciais da súas antiga nomenclatura mentres que a segunda corresponde ás de Centro Comercial Aberto.

O principal obxectivo que ten a rede de CCAs de Galicia é a defensa e tutela dos intereses comúns dos seus membros así como potenciar as súas actividades comerciais.

A sala *Sanoguera Fotografía e Arte* apostando pola promoción do interior de Galicia perante unha iniciativa de deseño de postais

Sanoguera Fotografía, Arte e deseño, establecemento ubicado na vila, remata de abrir unha convocatoria, aberta ata o día 30 de marzo, para artistas, de calquera nacionalidade e idade, que desexen participar na súa iniciativa *Melide Mail Art 2009*, organizada como parte da súa promoción cultural da Galicia interior.

Para participar neste proxecto, os interesados deberán cumprir unha serie de requisitos como enviar unha obra en papel, orixinal, copia fotografía ou reprodución en formato de tarxeta postal

nas súas diferentes medidas tradicionais, sendo o tema das mesmas de xeito libre. Outros criterios que deberán cumprir as persoas que desexen participar é que a tarxeta postal presente plasmado no seu debuxo o cuño oficial da oficina de correos emisora da mesma, ademais do selo obrigatorio correspondente no reverso. Nesta última parte da obra tamén será obrigatorio que figure o nome completo ou artístico do autor, o seu lugar e data de nacemento e indicar a súa residencia actual.

Quedarán excluídos de participar nesta iniciativa as

postais remitidas dentro dun sobre.

Posteriormente coas obras de tódolos participantes farase unha exposición na sala do comercio no vindeiro verán, editarase un libro coas súas pezas e, asemesmo, crearase unha páxina web na que se poderán ver as mostras.

As persoas que queiran inscribirse neste proxecto deberán enviar os seus traballos o seguinte enderezo: *Melide Mail Art 2009, Sanoguera Fotografía Arte e Deseño*, Ronda de Pontevedra 45 baixo, 15.800 Melide (A Coruña).

**Asociación de
Empresarios
Terra de Melide-
Centro Comercial
Aberto:
ASETEM-CCA**



**Catro anos elaborando
o xornal *CERNE***

**Apostando porque estés sempre
informado do que acontece na túa
comarca**

O teu centro comercial está en Melide

Pazo de Edián

Mobles Ares

Electrotel 2000

Decoraciones Anmi

Joyería Silvela

Angarela

Mobles Paula
Traspome

Casa das Luces

Kandela Moda

Óptica Abal

Centro Comercial Ares

1 premio de:

3000 euros

1 premio de:

1500 euros

1 premio de:

1000 euros

Joyería Oro Ley

Floristería Tarrío

Muxica Tenda xoven

Perfumería Lyss

Conxelados Baixomar

Aceiteiro

Frutas Gallego Ramos
S.L.

Estación de servizo
O Rañao

Expert

Librería Vitorio

Recambios Ángel

Impugal

Supermercados García e
hijos S.L.

Melimática

Campaña organizada por ASETEM-CCA

O teu centro comercial está en Melide

Imprenta Meligraf

Melligas

Decoraciones Sito

Tinturería Iris

Larpeiradas

Librería Yomar

Mercería Marvi

Galitex

Melisanto Soc.
CooperativaCociñas e Baños Manuel
Buján

Ribeirao S.L.

4 premios de:

300 euros

4 premios de:

200 euros

12 premios de:

100 euros

**Campaña do 1 de decembro ao
7 de xaneiro. O sorteo dos pre-
mios será o 7 de xaneiro na
sede de
ASETEM-CCA**

Q. me compro

Las 3 BBB

Clínica Fisio-Vida

Ultramarinos Juan José

Pescados Abel

Calzados Romero

Pastelería Caprichos

Seguros Bilbao- Rodrigo
Fernández

Toño perruqueros

Modas Manuel

Tanuska Zapatería

Calzados Broz

Joyería Roval

Campaña organizada por ASETEM-CCA

Neste Nadal...

Estudantes e profesores da facultade de ciencias da UDC xunto con ASETEM-GCA convidanvos a:

Xperimenta

EXPOSICIÓN E REALIZACIÓN DE EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS


Queres descubrir unha ciencia espectacular?

- CAMIÑA SOBRE A ALGA.
- GALLETAS AFUMEANTES ULTRA CONXELADAS.
- IMPLOSIÓNS E EXPLOSIÓNS.
- GLOBOS QUE SE INFLAN SOS.
- NUBE INSTANTÁNEA.
- CONVERSIÓN LÍQUIDO-SÓLIDO INSTANTÁNEA.
- MONSTRO DO WATER.
- CREACIÓN DUN SOL.
- BARCO QUE FLOTA NO AIRE.
- CEN GLOBOS INFLADOS DENTRO DUN CALDEIRO.
- BURBULLAS INFLAMABLES...

Todo isto e moito máis o vindeiro **20 de decembro** en **MELIDE**. De 12:00 a 19:00 h. no Cantón de San Roque, en caso de choiva celebrarase no Pazo de Congressos e Exposicións de Melide.



Estudantes e profesores da
Facultade de Ciencias da UDC



ASETEM-GCA



COMITÉ DE ORGANIZACIÓN
PROXECTO DE REALIZACIÓN
EXPOSICIÓN
EXPOSICIÓN DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA



CONCELLO
DE MELIDE



ENTRADA
NO BALDO

Máis canto que nunca na decimonovena edición da Semana da Música Terra de Melide

Como vén sendo tradición agrupacións musicais de toda a comarca participaron neste espectáculo anual que se celebra en Melide

Chegou o mes de novembro e con él un dos espectáculos máis tradicionais e arraigados na bisbarra: a XIX Semana da Música de Terra de Melide.

Para o ano vindeiro cumpríranse dúas décadas deste evento, que vén a ser organizado pola Coral Polifónica melidense desde o ano 1989, e que desde os seus inicios é un das celebracións que con máis ilusión agardan os veciños cada ano. Nesta edición xuntáronse quince formacións musicais, procedentes a súa grande maioría da comarca, as cales encheron de música a Igrexa parroquial ao longo de seis xornadas.

As actuacións sucedéronse durante dúas fins de semana nas que participaron agrupacións de todos os concellos que integran a bisbarra como a *Banda de Música de Visantoña* (Santiso); o grupo de gaitas *A maristela* (Sobrado); *Escola de Música e Baile Tradicional* (Toques) e a *Coral Polifónica de Santiso*.

Xa centrados na capital da comar-



O grupo folclórico O Castelo tocando na Igrexa



Os alumnos da escola Axóuxere



Os Melidaos no escairio

ca, Melide, as formacións nativas da localidade que actuaron foron *Axóuxere*, *Trimuíños*, os *Melidaos*, *Froito Novo*, a agrupación folclórica *O Castelo* grupo da catequese parroquial e o Conservatorio.

Pero nesta nova edición ademais incorporouse as interpretacións de dúas solistas: Irene Ruíz Camuega e Patricia Méndez Asorey.

A Coral Polifónica de Melide, como promotora da semana da música, agasallou a cadun dos participantes desta edición cunhas



Veciños escoitando as actuacións placas conmemorativas e con exemplares do libro, editado polo Concello e pola Deputación, que recolle os vintecincos anos de historia desta emblemática formación melidense.



Cento vinte voces unidas pola música para celebrar o primeiro encontro de corais dos catro concellos integrantes de Galiza Central

Sen dúbida algunha a actuación que máis interese despertou entre o público e, a súa vez, protagonizou esta Semana da Música de Terra de Melide resultou ser o primeiro Encontro de Corais dos municipios que conforman *Galiza Central*. Non abonda atopar ocasións nas que se unan catro formacións polifónicas para aunar a cento vinte voces cantando sobre un mesmo escairio.

O desenvolvemento desta especial xornada comezou coas actuacións por separado de cada agrupación municipal. A primeira interpretación correu a cargo da *Coral Polifónica de Monforte de Lemos* para a continuación dar paso ao *Orfeón do Carballiño*, ao grupo de clarinetes do *Conservatorio de Lalín* e, por último, ao canto dos integrantes da *Coral Polifónica de Melide*. O colofón final deste encontro intermunicipal tivo lugar coa interpretación de varias pezas ao unísono nas que cantaron reunidas as catro formacións. Foi un remate no que todos os coristas colleitou fortes aplausos por parte do público alí presente.

A Banda de Visantoña conmemora a festividade de Santa Icíá cunha homenaxe ao traballo da Asociación Cultural e Veciñal da parroquia, O Noso Lar

O 22 de novembro o santoral o sinalaba como a data adicada a Santa Icíá (máis coñecida popularmente como Cecilia) e a Banda de Visantoña celebrou, como é costume desde hai anos, unha festa na honra desta posta que é a patrona dos músicos.

A celebración comezou coa tradicional misa solemne na Igrexa parroquial, trala cal a agrupación musical procedeu a ofrecer o seu repertorio aos asistentes no acto. Nesta edición os temas escollidos abrangaron obras de compositores recoñecidos como Verdi, Marcello Frisón ou

Eduardo Campos. Tamén se interpretaron outros temas, nos que acompañaron á banda da localidade os irmáns Pazos Pintor a través de diferentes instrumentos musicais, como a composición de *Pequenos reflexos* de Euxenio Pazos Reyes (director da Banda de Visantoña durante décadas) acompañada polos sons do fagote de Patricia Pazos; *Tributo a Lionel* cós sons do clarinete de Xabier Pazos; *Rolipops* coas trompetas de Ana María e Miguel Pazos e, finalmente, a peza *Rumba para Susi* na que actuou o gaiteiro Pablo Pardo

Rodríguez. Toda esta estensa programación musical, que interpretou a Banda de Visantoña, estivo dirixida pola maxistral batuta do mestre, e actual director da agrupación, Uxío Pazos Pintor.

Trás finalizar o concerto todos os asistentes achegáronse ata o Pazo de Vilar de Ferreiros para celebrar un xantar e onde se lle fixo unha cálida honra á Directiva e socios da Asociación veciñal *O Noso Lar*.

Unha recoñecida homenaxe

Hai máis dun ano un conxunto de veciños desta parroquia decidiron por iniciativa propia, e altruista-

mente, amañar o antigo local social da localidade para adecuá-lo como un lugar de encontro social e cultural para os habitantes de Visantoña. Moitos deles, que a diario traballan nas súas respectivas profesións, aproveitaban os fins de semana para facer de improvisados albanelos recibendo as paredes, adecentando o tellado ou o chan, outros de carpinteiros, de electricistas... O resultado deste duro esforzo foi un edificio totalmente renovado e o nacemento da Asociación Cultural e Veciñal *O Noso Lar*. Por este motivo a Banda de

Visantoña quixo rendirlles a esta entidade social un tributo na festividade de Santa Icíá *por ter loitado de xeito exemplar pola mellora das condicións de vida da nosa parroquia e dotarnos dunha infraestrutura de calidade para celebrar actos*, segundo rezaba no programa da festa deste ano. Ademais, o evento desta edición tamén foi moi especial xa que se conmemoraba o décimo aniversario da inauguración da Banda-Escola de Música de Visantoña, que desde o mes de agosto leva o nome de Escola de Música *Eugenio Pazo Reyes*.

O Ministerio de Cultura concede o premio María Moliner de animación á lectura á biblioteca melidense

O departamento estatal premiou un proxecto presentado pola sala de lectura municipal cun galardón de 200 libros infantís e xuvenís para os seus fondos

A grande labor que se desenrola para incentivar o hábito da lectura desde idades tempranas pola biblioteca municipal Xosé Vázquez Pintor era xa recoñecida, desde hai tempo, na comarca. Non en ván promove variedade de iniciativas para fomentar a sana costume de ler entre os escolares como convidar frecuentemente a contacontos ou deseñar a súa propia mascota, *Chisco*. Ademais realiza outras actividades culturais para o público infantil, algunhas programadas polo Concello, como concursos de pintura, xadrez, representacións teatrais.

Pero agora este gran esforzo, e gran traballo, que se fai desde esta infraestrutura para promover a arte da literatura remata de recibir a súa recompensa a nivel nacional ao serlle entregado o premio *María Moliner de animación á lectura*

por parte do Ministerio de Cultura e a Federación Española de Municipios. Este galardón é resultado da programación especial, elaborada co gallo da celebración no 2007 do seu trinta aniversario, na que se enmarcaban diferentes actividades nun proxecto titulado *Biblioteca Pública de Melide 1977-2007*. Precisamente este último foi o recoñecido para ser galardoado cun premio dotado coa entrega de 200 libros infantís e xuvenís, contribuíndo deste xeito a incrementar o fondo bibliotecario

Historia de toda unha entidade

A Biblioteca municipal naceu no ano 1977 aínda que realmente as súas portas abrironse de cara ao público no mes de xuño do 78. Naquelas datas escomenzou a súa andaina con so 2.500 volumes



Contacontos na biblioteca para os cativos

e sin ningunha outra infraestrutura que o fectar aos seus lectores. Agora tres décadas despois o seu depósito en número de exemplais é de 18.000 exemplais e dispón para os usuarios de seis puntos de consulta en internet e dúas seccións ben diferenciadas: a de adultos e a infantil que consta tamén dunha área lúdica.

En canto o número de usuarios pasou dos 600 rexistrados no ano 1.980 aos 3.181 suscritos ao presente da actualidade.

Pero neste boquefacer da sala de



Ánxela López incentiva sempre á lectura

lectura hai unha persoa se encargou durante estas máis de tres décadas de vida da institución na loita por animar sempre aos veciños a embarcarse no maravilloso mundo da lectura, trátase da súa bibliotecaria: Ánxela López, a que moitos dos que hoxe somos adultos debemoslle o feito de que hoxe sexamos uns innatos devoradores das letras que se mergullan nos libros.

Premio María Moliner

Este galardón é unha campaña,

organizada polo Ministerio de Cultura e a FEM para a animación da lectura en municipios de menos de 50.000 habitantes e de paso promocionar a lectura nos pequenos municipios. Creouse no 1998 como concurso dirixido a premiar cada ano aos mellores proxectos, ou actividades desenvoladas para promover a lectura de nenos e mozos, de 350 bibliotecas da nivel estatal.

Desde o ano 2002 nesta iniciativa tamén colabora a Fundación Coca-Cola España.

Os vinte e cinco anos de historia da Coral Polifónica conmemorados nun libro

Un cuarto de século de traxectoria musical cumpríu o ano pasado a Coral Polifónica melidense. Para conmemorar todos estes anos de historia e cheos de éxitos, o Concello de Melide, en colaboración coa Deputación da Coruña, editou dun libro no que se recolle a lonxevena vida desta formación musical desde o ano da súa creación ata o 2007, data na que cumpríu vinte e cinco anos de traballo a prol da música local.

A obra titulada *XXV aniversario da Coral polifónica de Melide*, foi presentada oficialmente no salón de plenos da Casa consistorial e contou coa presenza da alcaldesa, Socorro Cea, e tres representantes da directiva da entidade musical, Mercedes González, Dolores Rodríguez, e Dolores Fernández. A encargada de abrir o acto de presentación foi a rexedora melidense quen salientou que o libro vén a facer xustiza co excelente traballo cultural e social realizado pola Coral desde os seus inicios no ano 1982. Cea tamén afir-



A alcaldesa con tres das representantes da directiva da Coral mou que *a garda que a través deste medio a xente nova coñeza a historia desta coral, posto que non se pode amar o que non se coñece e esta obra axudará a acadalo*.

Pola súa banda, as representantes da Coral Polifónica repasaron os anos de traxectoria da súa formación, Mercedes Rodríguez non quixo esquecer nomear aos excelentes directores cos que contaron e que grazas a este libro a nosa historia quedará lembrada permanentemente.

Dolores Fernández recordou que

durante estes anos de andaina houbo intres de duro esforzo e de ledicia pero o importante é que *sentimónos como unha familia que canta e leva o nome de Melide ao longo de galiza e fora das súas fronteiras*.

Finalmente Dolores Rodríguez non se esqueceu de dar un especial agradecemento ao pobo de Melide que *é o nos alienteu e sempre sentimónos a súa calor e agarrimón nas nosas actuacións*. O Concello de Melide editou 1.000 exemplais desta obra que ten un módico custo de seis euros.

Unha mostra no Multiusos achega aos melidenses á loita contra o VIH en África

A exposición *Fotografías de África vidas arredor do Sida* deu a oportunidade aos habitantes de vila, durante o mes de novembro no Multiusos, de coñecer máis de preto a vida cotiá das persoas que padecen o sida no continente africano, lugar onde se orixinou e está máis estendida esta enfermidade.

Trátase dunha mostra itinerante de catro fotografías da organización *Medicos del Mundo* que viaxaron por catro países africanos como Angola, Mozambique, Namibia e Senegal para recoller en imaxes as testemuñas de mulleres que padecen a pandemia.

Lorena Ros, Javier Teniente, Xulio Villarino e Rosina Ynezga son os artistas que, grazas as súas fotografías, achegáronnos o padecemento do sida na pel dos propios afectados e que diminuíu a esperanza de vida por debaixo dos 40 anos en sete

países do continente veciño.

A finalidade do proxecto é que os visitantes desta iniciativa vexan e comprobén, a través dos seus propios ollos, o sufrimento e as consecuencias do VIH que afecta ao colectivo feminino das poboacións subsaharianas. A súa vez tenta tamén concienciar de que hai que participar activamente contra a enfermidade e comunicarse con outras persoas que nos ofrezan as súas testemuñas.

Ao abeiro da mostra o Concello organizou dous talleres, para mozos entre 14 e 18 anos, co obxectivo de formar na educación sexual para previr o SIDA, xa que na actualidade está amosado que o método máis infalible, posto que aínda non hai vacinas, para non contraer o VIH é a prevención que sempre é mellor que ter que paliar a enfermidade.

A Concellería de Benestar programou diferentes iniciativas para concienciar e fomentar no sector infantil a igualdade e o respecto mutuo

O Concello de Melide solidarízase co día da violencia de xénero con actividades dirixidas á semóla da futura sociedade: os escolares

Aínda que a programación centrouse no público infantil tamén se realizou un taller para membros dos corpos de seguridade e teatro

A Concellería de Benestar e Igualdade, dirixida por Casé Rodríguez, realizou unha semana completa de actividades en Melide para celebrar a xornada mundial da loita pola eliminación da violencia de Xénero contra as mulleres. Estas iniciativas tiveron como transfondo potenciar a igualdade, a formación a prol da equiparación de sexos e o remate de discriminación dirixidas, sobre todo, aos máis pequenos do municipio. É que os cativos comencian a formar a súa personalidade do mañá desde idades moi curtas, época na que resulta máis doado e ideal para inculcarlles os valores sociais que poden aplicar no seu futuro como adulto e así acadar unha sociedade mellor. Os escolares gozaron de diversos talleres para elo, así na biblioteca organizouse un obradoiro sobre xogos non sexistas no que



Escolares no obradoiro de cociña

se tratou de rachar coa idea de que hai materiais lúdicos para nenos e outros para nenas de xeito que os rapaces aprenderan a compartir xogos específicos para ámbos sexos así como a trocalos. En definitiva, o obxectivo do taller era ensinar que se pode xogar en igualdade con todo tipo de xoguetes. Tamén no salón de lecutra realizouse unha sesión de contacontos dirixido non so aos críos senón tamén aos pais e nais posto que estes últimos *son os alieceres fundamentais da educación en igualdade*, afirmou Casé Rodríguez

Durante outras dúas xornadas, os nenos poideron gozar co obradoiro de cociña *Coas máns na masa*. A Casa do Concello acondicionou unha das súas estancias para convertirla nunha improvisada cociña onde escolares, dente oito e doce anos, elaboraron postres e familiarizáronse coa tarefa de cociñar. Tamén, as forzas e corpos de seguridade asisitiron a un taller onde se abordou o tratamento da violencia de xénero. Esta semana da solidariedade con esta causa pechouse cunha obra de teatro versada na desigualdade.

Día Internacional da violencia de xénero

O 25 de novembro foi declarado o Día Internacional contra a violencia cara as mulleres no primeiro encontro feminista de Latinoamérica, en xullo do 1981. Neste acto as mulleres denunciaron a violencia de xénero en tódolos ámbitos (física, psicolóxica, social ou sexual), os malos tratos e asasinatos, as violacións, o acoso sexual e calquer tipo de agresión na dignidade das persoas do colectivo feminino. Elixíuse este día en especial para non esquecer o asasinato das irmáns Mirabal, tres activistas políticas asasinadas nestas datas pero do ano 1970 a máns da policía segreda do dictador da República Dominicana, Rafael Trujillo.



As agresións e asasinatos de mulleres aparecen a diario nos medios de comunicación, son tan cotiáns que xa asemella asumirse como algo inevitable pero neste mundo todo pode mudar e desde numerosas institucións estase facendo o posible para combatila. Ata novembro máis de 60 mulleres atoparon a morte por parte das súas parellas neste ano en España, o que converte esta situación na segunda causa de mortalidade violenta intencionada contra persoas tralo terrorismo etarra e islamista. Para loitar contra esta grave situación hai que *rachar o silencio*, xa que 18 das vítimas non presentaron denuncia por temor ou porque seguen dando oportunidades ao seu agresor porque o aprecian e pensan que vai mudar, outro 33% das asasinadas estaban tentando rematar a súa relación cando morreron. O xeito de loitar contra esta violencia é buscar axuda e denunciar. En Melide contase cun Centro de Información á Muller (CIM), no Centro Social, onde as mulleres ás que atingue esta situación poden recibir asesoramento e axuda de profesionais.



Un obradoiro transforma a homes da vila en verdadeiros amos da Casa

Máis dunha ducia de homes melidenses participaron nun obradoiro de corresponsabilidade adicado as tarefas da casa e que se celebrou no Edificio do Multiusos. Neste taller aprenderon, ao longo de varios días, a teoría e a práctica das actividades que habitualmente ocupan o traballo das mulleres no seu ámbito doméstico. Durante estas xornadas non foi nada estrano ver aos alumnos como auténticos *amos de casa* realizando labores de costura, con agulla e fío na man, para saber dar puntadas básicas na súa roupa o poñer un botón. Tamén souberon que é pranchar as prendas de vestir con nocións prácticas e teóricas como de qué partes consta o ferro ou o axeitado grao de temperatura no pranchado de cada prenda dependendo do seu tecido. Este obradoiro, promovido pola Vicepresidencia da Igualdade, foi calificado pola concelleira de Benestar, Casé Rodríguez, como todo un éxito xa que o número de participantes foi moi bo e tamén amosa que organizando un curso destas características están afondando as políticas de concienciación da actual situación de desigualdade.

Os alumnos do Centro Ocupacional melidense descubren o mundo da artesanía do coiro cun taller especializado neste material

Os alumnos do Centro Ocupacional de Melide contan cunha actividade máis, das moitas que xa realiza a infraestrutura, desde o mes de outubro.

Trátase dun obradoiro de coiro que imparte o artesán e zapateiro, Ramón Laya Gómez, tódolos luns durante unha franxa horaria de dúas horas e media.

Cando se iniciou o taller este mestre ensinoulles, a través desta arte, na que é un experto logo de anos destar adicado a este eido, as propiedades do coiro e as diferentes técnicas que se empregan para confeccionar artigos con este material. Como asegura Laya *o que se procura en primeiro lugar é que recoñezan os materiais logo seleccionen as cousas nas que máis lles gustaría traballar e despois poñerse a confeccionalas*. A estas alturas, os alumnos xa son



Os alumnos traballando o coiro nunha das sesións do obradoiro

todos uns *profesionais* na materia e realizan eles mesmos os seus propios bolsos, axendas, cintos e outra variedade de produtos. A iniciativa de desenrolar esta acción formativa partiu da concelleira de Benestar, Casé Rodríguez, *posto que as manulidades que requiren creatividade son áreas nas que estes alumnos con necesidades especiais adoptan a atoparse máis cómodos*, destacou a titular de Benestar.

E efectivamente este tipo de obradoiros son unha excelente ferramenta para motivar a súa imaxinación e potenciar a súa autonomía. Ademais cada persoa aporta, en cada obxecto que elabora, o seu esforzo, ilusión e adquiren coñecementos novos. Con este tipo de educación os alumnos aprenden a valorar as súas habilidades físicas e aptitudes para sentirse máis integrados na sociedade.

Unha cadea de situacións desafortunadas arrebataron no último intre o segundo título nacional de vehículos históricos ao piloto

Ferreiro dí adeus ás portas de revalidar o seu título por mor dunha avería no seu coche na última proba

Ás veces o esforzo e o traballo constante non obteñen a súa recompensa merecida. Esta circunstancia soe ocorrer con frecuencia no mundo do deporte e esta vez, por desgracia, tocoulle ao noso campión melidense de rallye

Jesús Ferreiro e o seu copiloto, Roberto Lorenzo, non poideron pechar a tempada do 2008 coa obtención do Trofeo nacional de vehículos históricos, a pesares de que no pasado rallye da Costa Brava xa se confirmará case que eran os campións nesta modalidade por segunda vez consecutiva e ademais estiveron liderando durante todo o ano a tabó de clasificación.

Pero unha serie de feitos, enchoupados pola mala sorte, impediron que o que era de xustiza caerá es saco baleiro. Esta é unha das desafortunadas desgracias que soen ocorrer no deporte en xeral. Cantos de nós, por poñer un exemplo, non temos visto un partido de fútbol de grandes finais no que un dos equipos ía gañado cun mellor xogo co contrario e gran diferenza de goles, e nos últimos minutos virou o marcador ficando

perdedor. E é que o mundo deportivo é así un só traspé e non perdoa nin valora o esforzo, o tesón e o duro traballo.

Os motivos da perda do título

A situación que provocou que Ferreiro non puidese revalidar o campionato comezou cunha circular emitida pola Real Federación Española de automovilismo (RFEA) do ano 2007 e que, segundo o estamento federativo, aínda se mantiña vixente nesta tempada. Neste documento sinalabase que no Trofeo de Históricos contabilizábanse cinco resultados, polo cal o piloto melidense debía eliminar unha das súas dúas victorias galegas, ben a de Rías Baixas ou ben a de Ferrol. Deste xeito ficaba, en vez de con catro carreiras gañadas, con so tres.

Este feito motivou que tivera que



Ferreiro e Lorenzo son subcampións pero para a súa afección son os gañadores

acudir obrigatoriamente ao Rallye de Shalymar madrileño co único obxectivo de finalizalo. Pero aquí apareceu de novo a mala sorte xa que cando so faltaban tres tramos para chegar a meta o seu vehículo sofriu unha avería no seu motor e veuse na obriga de ter que abandonar a carreira e, consecuentemente, perder automaticamente o título. Hai que ter en conta tamén outras circunstancias desafortunadas como que o seu Ford Scort MKII ten máis de trinta anos de antigüidade e entre sesenta e

setenta cabalos menos de potencia que o terceiro clasificado nesta categoría, ademais a súa escudería Melide Sport nos conta con patrocinios millonarios como o caso dos seus rivais. Estas desvantaxes dánlle máis méritos posto que compitindo en condicións máis desfavorables amosaron que casi gañan. O que non deben ter dúbida, Ferreiro e Lorenzo, é que serán subcampións para a RFEA pero para os melidenses son os gañadores virtuais deste campionato.

Ao Cire Melide custálle adaptarse á nova categoría

Aos azuis melidenses estálles custando un pouco adaptarse a xogar na segunda autonómica, categoría a que ascenderon a tempada pasada. Pero como dí o refrán, os comezos nunca foron doados e seguro que isto é o que lle está a acontecer ao Cire de Melide, ademais á liga aínda lle queda moitos meses de vida por diante para que o clube de fútbol melidense poida virar a sorte que ata o de agora está a ter na súa andana na nova categoría.

Aínda que o primeiro encontro do mes comezou cunha goleada dos xogadores azuis de 4 a 0 contra o S.D. Ponte Carreira, o resto dos partidos saldaronse con derrotas agás o empate acadado fronte ao Burgo de dous a dous.

Os partidos perdidos tiveron como rivais do clube local ao Sporting Universidade (5-0); ao Larín por tres fronte a un do Cire e ao Marino de Mera cun resultado negativo de 0 a 2.

O Melide Fútbol Sala acada unha digna derrota contra o actual líder e vive unha inesperada suspensión nun encontro

O Melide F.S., *Jim sports*, saldou os seus cinco encontros de novembro con dous empates: contra O Castro e o Conxelados Egea cun resultado de 4 a 4 en cadún dos partidos; dúas derrotas co Boqueixón por tres a un e contra o Cedeira por 3-4 e unha victoria no seu enfrontamento contra O Alucar de tres a un. Nembargantes, destes partidos hai que salientar dous por claros motivos.

No primeiro unha das principais razóns que contribuíron á derrota do Melide F.S. contra o Boqueixón, foi que este equipo é o actual líder da táboa de clasificación, o cal leva un comezo de tempada impecable. Aínda que para enfrontarse a este gran rival,

os nosos locais xogaron un partido moi equilibrado, sobre todo, na primeira metade na que o dominio do esférico foi dabondo alterno e con ocasións para os dous contrincantes. Neste enfrontamento Pistón conseguiu meter o gol de honra.

No segundo encontro con O Alucar, as circunstancias polas que destacou foi a súa suspensión por mor dunha tangana a falta dun minuto para ir ao descanso. O Jim Sports, que viaxará ata o seu feudo en Sarria, estaban a realizar un excelente partido cós tantos xa marcados por Manito, Cristian e Diego. Nembargantes o parón do encontro cortou esta boa racha e houbo que agardar á resposta da Federación

Galega de fútbol Sala. Cando chegou a ansiada notificación asemellaba positiva para o clube melidense posto que o organismo daba por rematado o partido co resultado da acta no momento da suspensión e, por tanto, a victoria, e os consecuentes tres puntos para o Melide F.S. Pero o comunicado tamén achegaba unha mala nova xa que sinalaba unha alta sanción económica para ambos clubs e, o que é peor, unha sanción de cinco partidos a un dos principais piares da prantilla do equipo local: Diego. Aínda que esta decisión non é definitiva porque hai un período de reclamacións no que o Melide F.S. tentará evitar que isto aconteza.

O C.F. Toques coñece a derrota despois de dous meses *invicto*

O C.F. Toques segue a levar un principio de tempada excelente a pesares de que no último partido de novembro coñeceu a súa primeira derrota.

O verdugo do clube toquense, e responsable de rachar a súa condición de invicto ata agora, foi o Oza dos Ríos. O encontro desenrolouse no feudo do equipo contrario e comezou con mal pé para a prantilla toquense posto que xa nos primeiros cinco minutos de xogo o arbitro pitoulle un penalti a Santi e así o Oza dos Ríos acadaba o seu primeiro tanto. Nembargantes, a pesares desta mala sorte no inicio, os xogadores toquenses deixaron todos os seus folgos no campo para poder saír coa victoria. Así José, Santi, Carril e Espomasa tiveron oportunidades de poder mudar o marcador pero ao final rematou coa derro-

ta de cero a un.

Nos outros tres enfrontamentos anteriores os toquenses, que aínda non coñecían o que era perder, conseguiron catro empates e unha victoria.

Os encontros das igualadas foron contra o Poulo (0-0); o Vilamaior (1-1) e contra o Mesía por 2 a 2.

En canto a victoria, o CF. Toques acadouna xogando na súa propia casa. En fronte tiñan como rival o Encrobas que na primeira metade encaixou un gol na portería local aínda que antes de que está rematará os toquenses chegaron ao empate grazas a un fermoso gol de Diego. A segunda parte convirteuse nunha auténtica choiva de tantos realizados por Carril, Espomasa e Diego. Un triunfo mercado que saldou o partido cun marcador de 4 a 1.

A orixe do Camiños de Santiago: *O Primitivo e O Francés*


XOSE DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

O primeiro camiño cara Santiago en ser percorrido: *O Primitivo ou de Ovedo*

No século IX, segundo a lenda, atópase o sepulcro do Apóstolo Santiago, preto da igrexa de San Fiz de Solovio, a carón da actual Compostela. Isto acontece nos tempos do Rei Alfonso II "O Casto", que daquela tiña dominios en Asturias, León, Galiza e parte do norde de Portugal, sendo tamén señor da Francia, Carlomagno. Sobre o ano 814, foi cando se observaron (en Compostela), unhas misteriosas choivas de estrelas nun outeiro, onde o bispo de Iria Flavia (Padrón) Teodomiro, e outras personalidades, atoparon no lugar indicado, os corpos de Santiago Apóstolo e os

seus discípulos.

O rei daquelas terras, polo entón Afonso II, comunicalle a nova ao Papa León XIII e a Carlomagno. O mesmo rei ordenou construír a primeira basílica compostelá no 847. Como dixemos, Galiza pertencía ao Reino Asturiano e Oviedo era o centro político e espiritual do noroeste peninsular. O primeiro peregrín ilustre en viaxar a Compostela, e segundo os historiadores da




Primeira etapa de formación do Camiño (século IX)

época, foi o propio rei Alfonso II coa súa corte, máis o bispo de Iria Flavia, Teodomiro. Por iso, o primeiro Camiño a Santiago foi o "Camiño Primitivo" (ou tamén "Camiño de Ovedo"), que desde Oviedo chegaba a Compostela a través de: Grado, Salas, La Espina, Tineo, Obona, Acebo (Asturias); Fonsagrada, Castroverde, Lugo, O Burgo, Retorta, Negral, Augas Santas, Hospital das Seixas, Vilouriz, Vilamor, Ponte da Pedra, Compostela, Ribadulla e Melide (variante Martagonade: Grado, Salas, La Melide), en Galiza.


A ruta xacobeá máis con máis movemento de peregrínaxe na actualidade: *O Camiño Francés*

A Afonso II "O Casto", sucedeu no trono Afonso III, que no ano 910 traslada a León a capital do Reino Astur, polo que o "Camiño Primitivo" perde tránsito de peregríns a favor do novo trazado de León - Astorga - Santiago, como podemos observar no plano nº1. Isto aconteceu no século X, converténdose León nun punto de paso obrigado para os

que seguían o camiño a Compostela, ao ser a ruta máis curta e cómoda (doadá) que a "ovetense". Nesta nova ruta, reutilizan os vellos cañiños castrexos e romanos. Nos séculos XI e XII, e grazas a rematar a reconquista definitivamente no norde, e sobre todo aos reis navarros, e máis en concreto ao Rei Sancho Garcés III, coñecido "Sancho O



PLANO 1. Reproducción do libro *El Camino de Santiago* (MOPU 1,991. Madrid)



PLANO 2. Reproducción do libro *El Camino de Santiago* (MOPU 1,991. Madrid)

Maíor" (1004-1035), foise consolidando a nova ruta. O "Camiño Francés" traxorria por: Burgos (sé do novo Condado

de Castela, século X), Nájera (capital do Reino de Navarra, século X), Puente la Reina (século IX, que pola súa importancia de Castela, século X), debeu de contribuir decisivamente na redefinición da rede viaria actual), e deste xeito, chegar aos Pirineos (Plano nº2).

Concurso de deseño de mobles *SAN SEBASTIÁN 2008*

A Comarca Terra de Melide soa a nivel internacional nun concurso de deseño de mobles

Xosé Nuñez López

O pasado outubro deste ano 2008, foron entregados os premios do XIV Concurso de Deseño de Mobles *Ciudad de San Sebastián*, certame que ven organizando desde o ano 1.991 o profesorado do departamento de madeira e moble do I.E.F.P. Politécnico da cidade dosnastierra. Centro público que depende do Departamento de Educación do Goberno Vasco, e patrocinado polo seu homólogo para a Innovación e Sociedade do Coñecemento da Diputación Foral de Guipuzcoa e Caixa Guipuzcoana.

Na edición desta concurso tomaron parte alumnos/as de tódolos *Centros Educativos de la Familia de Madera y Mueble* de toda España e da rexión de Aquitania (Francia). Este ano foron seleccionados, para concursar no cetame, un total de vintedous traballos entre tódolos presentados. A nivel de Galicia, acadaron o CUARTO PREMIO dous mozos de vinte anos, chamados Xosé Manuel Faro e Xosué Benítez Núñez, que cursan os estudos no *C.I.F.P. Valentín Andrade*, de Vigo.


O traballo que deseñaron, e logo construíron, estes dous alumnos para presentar ao concurso basouse nunha especie de cadeira (relexada na fotografía primeira da parte de abaixo).

Cada Traballo presentado, ademais do título oficial, tiña que levar nome, que elixían os autores ao seu antoxo. Os dous mozos, a pesares de que na actualidade un reside en Vigo e o outro na Coruña, ámbolos dous teñen raíces nesta comarca, concretamente Faro González na parroquia de Pezobre e Benítez Núñez en Visantofia. Por todo isto, ocúrruselles poñerlle ao seu moble *VISANTOÑA*; pero como tamén debe levar o nome internacional recoñecido oficialmente, que é *Chaise -Longue*, (en francés, cadeira longa), ao final o nome completou quedou como *VISANTOÑA CHAISE -LONGUE*.

Tiveron que trasladarse a San Sebsatián, onde houbo unha grande recepción oficial aso premiados coa entrega dunha placa prateada, cúa fermosura queda reflexada na



Grupo de Premiados. Agachados, de esquerda a dereita, primeiro Benítez Núñez seguido de Faro González



Visantofia Chaise -Longue

foto terceira.

Ten o pracer de informavós desta importante nova para a

nosa Comarca, o avó de Xosué, e amigo de Xosé Manuel e os seus pais e avós,

desde fai moitos anos, Xosé Nuñez López de Visantofia-Santiso.

Unha rúa en homenaxe ao párroco melidense, D. Antonio García Mourelle

XOSÉ NUÑEZ LÓPEZ

Remato de recibir na miña residencia de Vigo, aínda que vós quero lembrar que o meu corazón e pensamento está sempre coa miña terra natal de Visantofia, o xornal *CERNE* correspondente ao mes de outubro pasado. Chegou as miñas máns como suscriptor do xornal que son, porque si ben, a tempada de inverno acostumo a pasala na capital de Pontevedra por ser o seu clima máis begnino e saudable,

a mín as novas que realmente me interesan máis son sempre, e como non podía ser doutro xeito, as da *miña* comarca.

Ben, pois lendo o *CERNE* vexo unha nova que se refire o ben querido párroco D. Antonio García Mourelle (a orixe da mesma non vén ao caso) e eu desde este recuncho do xornal quería poñer o meu grao de area, en favor de que na vila de Melide haxa unha rúa co seu nome.

Pois aínda que miña parroquia sexa a de Visantofia (pertencenete a outro concello como é o de Santiso), e polo tanto non tiveron apenas trato directo con él, si que teño constancia e probas concretas do seu excepcional e exemplar comportamento (Maxisterio relixioso aparte) coas persoas máis necesitadas. Sei de boa tinta que estás cando se achegaron a él a pedirlle axuda non dubidou en botarlles unha

mán dentro dos seus medios posibles, incluso ás veces repartindo con elas parte do que nese mesmo intre necesitaba para a súa subsistencia básica.

Eu sempre fun partidario de que, tódalas persoas que o merezan, polos méritos contraídos coa sociedade desde a súa atalaia, débenlles ser os mesmos recoñecidos públicamente, porque ademais é unha honra para a persoa e para os familiares. Tamén considero que é un estímulo persoal e para sociedade que así se comproba como se fai xustiza, totalmente independente da clase de traballo ou profesión que realizou, ao longo da súa vida.

¿Queres estar informado das novas da túa comarca sen importar a localidade onde vivas ou no teu propio fogar sen moverte da túa casa?

¡SUSCRÍVETE AO CERNE!

Informáte sen compromiso chamando ao 981506188 ou ben acudindo a oficina da editorial do Cerne, ASETEM-CCA

Recuncho para a reflexión

O verdadeiro prezo dun anel

Daniel Roibás

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Un mozo desolado acudíu onde un mestre para amosarlle a súa mágoa e que esté lle dera un consello para superala.

- Veño mestre, porque sintome tan pouca cousa que xa non teño folgos para facer nada. Todos me din que non fago nada ben, que son un torpe e un inútil e, por isto, todos me rexeitan. Eu quería saber; ¿cómo podo mellorar?, ¿qué é o que podo facer para que os demais me valoren máis?.

O mestre lle dixo:

- Canto o sinto rapaz, non podo axudarte, debo solventar primeiro o meu propio problema. Quizábedes despois... - e facendo unha pausa engadiu: Si quixeras axudarme tí a mín, eu podería solucionar este tema meu o máis axiña posible e ao mellor logo poida que che bote unha man co teu problema.

- Eh...Encantado mestre- titubeu o novo. Pero nembargantes voltouse a sentir outra vez máis que era desvalorizado e as súas necesi-

dades non escoitadas.

- Ben- asíntiu o mestre. Quitouse o anel que levaba posto no dedo pequeno da man esquerda e llo deu ao rapaz, dicíndolle: Toma o cabalo que está ahí fóra e cabalga ata o mercado. Debo vender este anel porque teño que pagar unha débeda. É necesario que obteñas por él a maior suma de cartos posible, pero non aceptes menos dunha moeda de ouro. Anda, vete e volta o máis axiña que poidas.

O mozo tomou o anel e partiu cara o mercado. Apenas chegou, comezou a ofrecer o anel aos mercaderes. Estes o ollaban con algún interese, ata que ao mozo se lle ocorreu dicir o que tentaba co anel. Cando o xóven mencionaba a moeda de ouro, algúns rían, outros voltaban a cara, ata que un velliño tomouse a molestia de explicarlle que a moeda de ouro era moi valiosa para trocala por un simple anel.

Despois de moito tempo estando

a ofrecer a xoia a todo o que se cruzaba no seu camiño, sintíuse derrubado polo seu fracaso e colleu e montou o cabalo marchando dalí. De volta á casa do mestre, entrou a súa habitación e díxolle:

- Mestre, canto o sinto pero non foi posible conseguir o que me pediches. Ao mellor podería haber obtido dúas ou tres moedas de prata, pero non creo que poida enganar a ninguén respecto ao verdadeiro valor do anel.

- ¡Qué importante é o que rematas de dicir!, xóven amigo.- contestou sonriendo o mestre- Debemos primeiro saber e coñecer o verdadeiro valor do anel. Volta a montar e vete xunto ao xoieiro. Quén é mellor cá él para sabelo. Dille que quixeras vender o anel e preguntálle canto che dá por él. Non importa o que ofrezas, non llo vendas e volta aquí co anel.

O mozo foi á xoiería, e o xoieiro examinou o anel á luz dunha candeia, o mirou coa súa lupa, pesouno, e logo dixo: Dille ao mestre, rapaz, que si o quere vender xa, eu non lle podo dar máis de 58 moedas de ouro polo seu anel.

- ¿¿ 58 moedas de ouro??- exclamou perplexo o xóven.

- Sí- replicou o xoieiro- Eu sei que co tempo poderíamos obter por él preto de 70 moedas, pero non

sei...Si a venda é urxente...

O rapaz correu emocionado e ledo cara a casa do mestre para contarlle todo o acontecido.

- Sentate- díxolle o mestre despois de escoitalo- tí es como este anel. Unha xoia, valiosa, única e irrepetible. E como tal, so pode avaliar un verdadeiro experto. Entón, ¿Qué fas pola vida tentando que calquera descubra o teu verdadeiro valor?.

E dicindo isto, o mestre voltou a poñerse o anel no dedo pequeno da súa man esquerda.

A metáfora que agocha esta historia é unha das máis reais que existe no ser humano. Todos temos unha valía, sexa para unha cousa ou para outra, non temos porque ir perseguindo ou semellar pedir lamosna para que a demais xente nola recoñeza.

Temos que ser conscentes que xa por natureza nacemos con ela desde o momento que temos a condición de ser persoas: non importa a clase social, a raza, ter máis cultura ou menos... Iso son tonterías porque todos somos seres humanos que choramos, rímos, sentimos dor e tamén remataremos morrendo. O teu valor tes que recoñelo tí mesmo e tamén o coñezen aqueles que te aman aínda que non cho digan: as cousas máis fermosas son xustamente as que non precisan de verbas.

Aínda que tamén no noso camiño haberá xente, que dominada pola raína da envexa, tente infravalorarnos con artimañas pero esos son os que realmente non se valoran a sí mesmos e verten a súas frustracións endémicas sobre os demais. A mágoa é deles non dos que si sabemos o que valem.

Por último, non quero rematar sen citar alguhas das miñas citas preferidas e que están moi vencelladas a historia desta edición:

- So hoxe adaptareime ás circunstancias sen pretender que sexan elas as que se adapten aos meus desexos.

- So por hoxe fareime un programa detallado, quizábedes non o cumpriré a raxatabla pero o redactarei e o gardarei das calamidades, das presas e da indecisión.

- So por hoxe creer firmemente - aínda que as circunstancias me amosen o contrario- que a boa providencia de Deus ocupáse de mín como si nadie máis existirá no mundo

- So por hoxe non terei temores. De xeito particular non tere medo de gozar da beleza e de crer na bondade da xente.

Aínda que despois de dicir todas estas frases estou chegando a pensar que asemella que non me valoro por iso mudarei a expresión só por hoxe por cada día da miña vida e tentarei cumprir o dito nelas.

As misións- (DOMUND)

O Pápa Benedicto XVI anunciou oficialmente a dedicación dun ano xubilar especial ao Apóstol San Pablo, do 28 de xuño de 2008 ao 29 de xullo

DANIEL ROIBÁS

¿Por qué a San Pablo deuse o fermoso título de *Apóstol de las Naciones*? Pero para determinar o senso e o alcance desta distinción, a verdadeira cuestión non está ahí,

Non se refire á extensión xeográfica de feito, senón a apertura do Evanxelio, tal como San Pablo recibiu a misión de anunciálo, e tal como o divulgou efectivamente: o seu Evanxelio (GAL2, 6; Rm 2, 16) pode alcanzar tódalas nacións e

tódalas culturas.

Negativamente, porque non comporta ningunha relación institucional nin co xudaísmo, nin co o xudeo-cristianismo: é un Evanxelio *sen lei*.

Positivamente, porque en toda cultura, dirixíase *ao home*: Debome aos gregos e aos bárbaros; aos sabios e aos ignorantes (Rm 1, 14).

¿Qué home non se recoñece na evocación da condición humana, serva e dividida de romanos 7, no seu berro de esperanza e no seu canto de

esperanza?.

HOY POIS... A pertinencia desta motivación apóstolica é máis actual que endexámais. O que está en xogo co anuncio do Evanxelio non é so, nin prioritariamente, a salvación individual, senón a revelación da Gloria de Deus, grazas a diversidade humana e a variedade das situacións que o Evanxelio alcanza e muda. Sen este anuncio a unha humanidade diversificada, ¿en qué se conviriría a revelación do Deus vivo e verda-

deiro?, ¿un Deus que non sería máis ca dos xudeus (Rm 3, 29) ou das nacións cristiás?, ¿un Deus que rexeitaría do seu pobo?, ¿un Deus que sorprendería polo endurecemento e a secularización...? Pero non hai que temer a que a motivación doxolóxica da misión veña a menoscabo do interese polo home, si é verdade, como dixo Ireneo Lyón, ca gloria de Deus é o home vivinte, e que a vida do home é a visión do Señor. Un anuncio do Evanxelio, que teña como obxectivo a revelación do Nome evitará con máis facilidade o triunfalismo humano.

Estará aberto e dispoñible a acoller os adventos de Deus incluíndo as súas venidas por camiños inesperados. Unha emulación espiritual



no recoñecemento de Deus con todos aqueles que buscan a verdade constituirá o ambiente máis favorable porque será máis humilde e gratuíto, para o anuncio do Evanxelio.

ACTOS NOVEMBRO

- Entrega de xogetes por prte dos veciños para uns mellores reis dos nenos máis necesitados da bisbarra. Lugar : Centro Social. Data límite para entrgalos: 25 de decembrol

- Martes 16. sorteo dos lotes de productos típicos de nadal dos establecementos de ASETEM. Lugar: ASETEM-CCA

- Sábado 20: Mostra científica *Xperimenta* coa exhibición dunha ampla gama de experimentos. Lugar: Cantón San Roque, si as condicións climatolóxicas o permiten, ou, en caso contrario, no Pazo de Congressos. Horario. desde as 12 h ata as 19 h.

- Xoves 25: día do nadal

- **Concertos no Pub Gatos**, *A reserva India* (todos a 1 da noite e descontos nas entradas).
Con entrada (3 euros con desconto de 2 na primeira consumición):
Venres 19: actuación de LOS CASANOVAS, histórico grupo na movida viguesa e cun repertorio cheo de versións dos Rollings Stones
Venres 26: Festa co grupo de rock galego MACHINA de Cerceda e presentando os temas do que será o seu novo traballo discográfico. (e aproveitando desde esta axenda Nani vós desexa felices festas a todos os melidenses)

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados:10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20

Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS					
UrxenciasSanitarias	061	Valedor do pobo	981571900	C.E.I.P nº2	.981505929
BombeiroS	080	Economía facenda	981545151	Gardería	.981505003
Incencios Forestais.....	..085	Industria e Comercio	981544341	U.A.F. de Melide	981 507742
Policía Municipal		Sevizo Galego Colocación	981125000	SANTISO	
Urxencias	092	Teléfono da Muller	900400273		
Melide	981505003	Teléfono do Menor	900444222		
Policía Nacional	091	Dirección Xeral de Tráfico	900125505	Casa do Concello	981818501
Garda Civil		Correos.	902197197	Centro de Saúde	
Urxencias	062	Auga	981242322	Agrochao	981517803
Melide	981505007	Electricidade	981147200	Visantoña	.981510749
S.O.S		Gas.	900760760	Xulgado de Paz	981 818501
S.O.S Galicia	112	MELIDE		SOBRADO	
Protec.Civil.	670498848				
TRANSPORTES					
Renfe		Casa do Concello	981505003		
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
A Coruña		Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Santiago		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
Autobuses		Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
A Coruña	981239099	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Santiago	981542416	Parada de Taxis	981505390	TOQUES	
Aeropostos		Oficina de emprego	981505204		
A Coruña.	981187200	Albergue Xuvenil	981507412		
Santiago	981547500	Albergue do Peregrino	660396822	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Oficina Agraria Comarcal	981505410	Centro de Saúde	981507301
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS				Xulgado de Paz	981505826
Atención ao cidadán	981120012	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188		
		Fundación Terra de Melide	981507244		
		I.E.S. de Melide	981505162		
		C.E.I.P nº1	981505238		

Socios de ASETEM-CCA

José Vilela Casal, carpinteiro instalador

Si os materiais e productos que empregas son bos nunca teras problemas no mobiliario instalado

Remata de entrar na treintena e José Vilela xa conta ás súas costas cunha ampla bagaxe laboral adiacada ao oficio da carpintería. Iniciouse cedo neste mercado con apenas dezaioito anos pero tamén

foi un emprendedor empresarial precoz montando a súa propia empresa con vintetres. Na actualidade o seu traballo diario está nunha das ramas desta profesión: a instalación de cociñas

Nada máis cumprir a maioría de idade, José Vilela atopou o seu primeiro emprego asalariado en Melide como aprendiz de carpintería, un sector que lle atraía desde había anos. Despois marchou a traballar a unha empresa da Coruña para logo rematar colaborando para a firma coa que segue na actualidade, en Santiago de Compostela. Pero durante este tempo de transición laboral, dunha cidade a outra, decidiu emprender a súa andaina como autónomo montando o seu propio negocio con tan só vinte-tres anos.

- Cando traballabas en Coruña a que te adicabas?

- A empresa na que estaba dedicábase exclusivamente á colocación de armarios empotrados.

- Cómo era a túa tarefa diaria neste sector?

- O fabricante dabáche as medidas e tí acudías ao domicilio, ou a o lugar onde o requirían, para proceder a colocación do armario no oco xa preparado para a súa instalación. As pezas xa viñan preparadas e tí o que tiñas que facer era ir nivelando e ensamblando os módulos con tornillos no espazo interior para rematar poñendo o frontal

- E as medidas sempre chas

Na empresa para a que traballo coloca cociñas pero tamén portas, tarimas ou armarios

facilitaban perfectas ou tivesches algún problema?

- Este tema era a principal dificultade que podíamos atopar. Aínda que non é freconte pero algunha vez si que ten acontecido porque o que moita xente non sabe é que non todos os metros de medir son exactamente iguais.

- Agora levas ano noutra firma en Santiago de Compostela, realizas a mesma tarefa?

- Non. Esta fábrica centráse, sobre todo, na instalación de cociñas pero tamén traballamos



José Vilela é carpinteiro de profesión pero traballa como instalador de madeira

na posta de solos, portas, armarios... en fin un pouco de todo. Ademais tamén realizamos remodelacións en madeira en comercios distribuidores ou nas propias oficinas da empresa.

- Contame, resulta unha tarefa complicada axear unha cociña?

- Depende do tamaño. O pri-

rechapado que consiste nunha lámina de madeira que recobre unha base ou elaborada a base de fibra ou de aglomerado.

- Pero nun lugar como a cociña onde se xera moita calor, o mobiliario non corre o risco de sufrir estragos?

- Si os materiais e os productos empregados para o seu ensamble son bos non hai ningún problema nin nos mobles deste espazo da casa nin noutro tipo. Con cousas de calidade, o instalado pode durar toda a vida.

- Comentaches anteriormente que tamén traballades nos solos, qué é o que che soen

destas.

- Díx que é unha solución fácil, porqué?

- Porque non tes que estar metido en obras complicadas como levantar ou picar as pezas do chán orixinal para voltar a colocar outro pavimento de madeira. Coa tarima flotante sinxelamente perante un ensamblaxe de clip vas xuntando unha peza con outra ata rematar a superficie que tes que cubrir.

- Nas portas qué o que máis lle gusta á xente nos últimos tempos?

- Sen dúbida algunha as de roble en diferentes tinturas ou barniza-

portas poden demandar calquera clase de madeira.

- Notáse que a túa profesión é a de carpinteiro, poderíame explicar porque o sol directo en estes materiais é tan nocivos para os mesmos?

- Que dé o sol directamente non é so malo para a madeira senón para calquera cousa que este exposta a él. Os seus raios estragan na madeira a súa cor e o seu barniz, faina clarear e unha vez que isto ocorre non hai volta atrás para amañalo.

- Tí que traballas nunha cidade, son máis exisentes os clientes dalí ou os do medio rural?

- Son diferentes mentalidades. As persoas do medio rural son máis correctas e atenden mellor aos consellos que lles procuras dar, ademais miran máis a calidade e a comodidade do que mercan. A xente da cidade, pola contra, é máis exisente, non prestan atención tanto a boa madeira que lles ofertas, soamente tenden a tirar polo estético e que quede bonito. Dálles igual o material que sexa.

A xente do medio rural preocupáse máis pola calidade que á da cidade

pidir máis?

- Para vivendas novas os parquets sobre o pavimento de diferentes tipos de madeira. Pero para as reformas á raína nos cháns é a tarima flotante porque é unha solución rápida, cómoda e económica aínda que hai diferentes tipos de madeira dentro

dos, é dicir, máis clara ou máis escuras. As de shapelly xa non se soen levar porque a xente está cansa xa de tanto velo e as blancas lacadas posúen un mercado moi pequeno e selecto. Aínda que quero salientar que a preferencia do consumidor está por riba de todo polo que para as

Portada	P1	Deportes	P18
Editorial	P2	Axenda	P22
Melide	P3	A entrevista do mes	P23
Comarca	P8	Contraportada	P24
Empresa e comercio	P11		
Cultura e lecer	P14		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº43.Novembro de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Gran festa do Magosto para dar a benvida a novembro

Dous centos cincuentas quilos de castañas asadas protagonizaron a gran festa do magosto que organizou, para toda a , o Concello de Melide no Cantón de San Roque.

A Pesares da choiva que caeu nesta xornada, a auga non empañou para nada o ambiente de ledicia que se respiraba entre os centos de veciños que se achegaron ata a romaría para degustar este produto tan enxebre da nosa cultura e de pegada tradición cada ano cando chega o mes de novembro.

Unha carpa cobixaba aos asistentes ao carón dun stand onde se repartían morreas de cucuruchos de castañas asa-



Veciños na carpa conversando e degustando as castañas das, eseario onde reinaba o calor das conversas dos melidenses mesturadas co olor que desprendía a quentura de tan delicioso manxar. Pero unha festa endexamáis pode ser completa senón vai



Varias parellas bailando ao son da música

se a poñer ao mal tempo boa cara, e sen importarlles a chuvia do momento, amosaron os seus mellores pasos de baile ante esta improvisada inclemencia climatolóxica. Esta iniciativa de recuperar o magosto como unha festa partiu da concelleira de Cultura, Conchi Castro, ao considerala como imprescindible dentro da nosa cultura galega.



Actuación de Alén do mar

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego



Certificado pola
Denominación de Orixe



www.arzua-ulloa.org
queixo@arzua-ulloa.org
Tño. e fax: 981 50 76 53



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

